



ACTA NÚM. 19 - DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN QUE TIVO LUGAR O DÍA 24 DE OUTUBRO DE 2019.

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Excmo. Concello de Santiago de Compostela, cando son as **17:03 horas** do día **24 de outubro de 2019**, constitúese o Pleno da Corporación en primeira convocatoria de sesión ordinaria.

A S I S T E N:

Don Xosé A. Sánchez Bugallo, Alcalde-Presidente.

PSdeG-PSOE:

Dona Mercedes Rosón Ferreiro
Don Gumersindo Guinarte Cabada
Dona María Milagros Castro Sánchez
Don Gonzalo Muíños Sánchez
Dona Marta Abal Rodríguez
Don José Manuel Pichel Patiño
Dona Noa Susana Díaz Varela
Don José Javier Fernández Martínez
Dona María Esther Pedrosa Carrete

PP:

Dona Ana Belen Sabel Iglesias
Don Alejandro Sánchez-Brunete Varela
Dona María Angeles Antón Vilasánchez
Don José Antonio Constenla Ramos
Don Evaristo Ben Otero
Don Ramón de Jesús Quiroga Limia
Dona Beatriz Cigarrán Vicente
Dona María Castelao Torres

CA:

Don Martiño Noriega Sánchez
Dona Branca Petra Novo Rey
Dona Marta Irene Lois González
Don Jorge Carlos Duarte Vázquez

BNG:

Dona María Goretti Sanmartín Rei
Dona Navia Rivas de Castro.



José Ramón Alonso Fernández, **Secretario do Pleno do Concello de Santiago de Compostela.**

Non asiste o concelleiro, Don Rafael Peña Vidal.

ORDE DO DÍA:

- 1. Aprobación, se procede, das actas correspondentes á sesión ordinaria do 26 de setembro e extraordinaria do 15 de outubro, deste ano 2019.**
- 2. Aprobación inicial da modificación puntual do PXOM en execución das sentenzas anulatorias do polígono 11. Castiñeiriño.**
- 3. Ampliación dos usos autorizados na reserva de equipamento RE-4. Polígono 3 do Plan parcial de Fontiñas.**
- 4. Ampliación dos usos autorizados na reserva dotacional multiuso DM-6. Triacastela.**
- 5. Proposición do grupo municipal de Compostela Aberta, para a reactivación da comisión encargada de determinar a forma máis sostible e eficiente de xestionar os servizos de abastecemento de auga e saneamento.**
- 6. Proposición do grupo municipal de Compostela Aberta, para a construción de vivenda pública e mobilización da vivenda baleira.**
- 7. Proposición do grupo municipal do BNG, para crear un centro de fotografía en Santiago de Compostela.**
- 8. Proposición do grupo municipal do BNG, para realizar un plan para impulsar o comercio de proximidade compostelán.**
- 9. Proposición do grupo municipal do Partido Popular, sobre a elaboración dun plan municipal integral contra os ruídos nocturnos.**
- 10. Proposición do grupo municipal do Partido Popular, para executar investimentos na cidade en 2019 e 2020 por importe de 5 millóns de euros, procedentes do superávit, e se cumpra cos prazos de pagamento a autónomos e empresas.**

11. Corrección acta da sesión extraordinaria do 28 de xuño do corrente ano, punto núm. 5.

12. Dar conta de resolucións da alcaldía, das concellarías delegadas e acordos da Xunta de Goberno Local.

13. Rogos, preguntas e interpelacións.

Rogos:

Do grupo municipal do BNG de data 15 de outubro de 2019, núm. 189.
Do grupo municipal do BNG de data 15 de outubro de 2019, núm. 190.
Do grupo municipal do BNG de data 15 de outubro de 2019, núm. 191.
Do grupo municipal do PP de data 16 de outubro de 2019, núm. 204.
Do grupo municipal do PP de data 16 de outubro de 2019, núm. 205.
Do grupo municipal do PP de data 16 de outubro de 2019, núm. 206.
Do grupo municipal de CA de data 16 de outubro de 2019, núm. 211.
Do grupo municipal de CA de data 16 de outubro de 2019, núm. 212.

Preguntas resposta oral:

Do grupo municipal do BNG de data 7 de outubro de 2019, núm. 175.
Do grupo municipal do BNG de data 15 de outubro de 2019, núm. 186.
Do grupo municipal do BNG de data 15 de outubro de 2019, núm. 187.
Do grupo municipal do BNG de data 16 de outubro de 2019, núm. 196.
Do grupo municipal do PP de data 16 de outubro de 2019, núm. 201.
Do grupo municipal do PP de data 16 de outubro de 2019, núm. 202.
Do grupo municipal do PP de data 16 de outubro de 2019, núm. 203.
Do grupo municipal de CA de data 16 de outubro de 2019, núm. 208.
Do grupo municipal de CA de data 16 de outubro de 2019, núm. 209.
Do grupo municipal de CA de data 16 de outubro de 2019, núm. 210.

Preguntas resposta escrita:

Do grupo municipal de CA de data 3 de outubro de 2019, núm. 169.
Do grupo municipal de CA de data 4 de outubro de 2019, núm. 170.
Do grupo municipal de CA de data 7 de outubro de 2019, núm. 171.
Do grupo municipal do BNG de data 7 de outubro de 2019, núm. 173.
Do grupo municipal do BNG de data 7 de outubro de 2019, núm. 174.
Do grupo municipal de CA de data 10 de outubro de 2019, núm. 181.
Do grupo municipal do BNG de data 15 de outubro de 2019, núm. 188.

14. Toma en consideración de mocións presentadas polos grupos municipais:

Rexistro de entrada do día 7 de outubro de 2019, núm. 172 presentada polo grupo municipal do BNG, para controlar a expansión de xogos de apostas que afectan á economía local e poden causar ludopatía.

Rexistro de entrada do día 8 de outubro de 2019, núm. 177, presentada polo grupo municipal de Compostela Aberta, para instar á creación dun xulgado especializado en violencia machista en Santiago.

Rexistro de entrada do día 14 de outubro de 2019, núm. 183, presentada polo grupo municipal de Compostela Aberta, para concorrer á convocatoria as axudas para proxectos de cooperación europea dentro da Europa creativa 2019.

Rexistro de entrada do día 15 de outubro de 2019, núm. 192, presentada polo grupo municipal do BNG, para a prevención da violencia de xénero e agresións sexuais con motivo do 25 de novembro.

Rexistro de entrada do día 16 de outubro de 2019, núm. 195, presentada polo grupo municipal do BNG, para activar medidas que dinamicen o mercado de alugueiro en Santiago de Compostela.

Rexistro de entrada do día 16 de outubro de 2019, núm. 197, presentada polo grupo municipal do PP, para a elaboración dunha auditoría das instalacións deportivas municipais.

Rexistro de entrada do día 16 de outubro de 2019, núm. 198, presentada polo grupo municipal do PP, para a ampliación das axudas do “bonotaxi” a persoas dependentes de tratamentos prolongados.

Rexistro de entrada do día 16 de outubro de 2019, núm. 199, presentada polo grupo municipal do PP, sobre o coidado e rehabilitación da igrexa de Sta. Susana e o seu recinto.

Rexistro de entrada do día 16 de outubro de 2019, núm. 200, presentada polo grupo municipal do PP, para a instalación de pistas de xeo polo nadal na Praza da Quintana e no patio do antigo colexio de Peleteiro.

Rexistro de entrada do día 16 de outubro de 2019, núm. 207, presentada polos grupos políticos municipais (PSdeG-PSOE, PP, CA e BNG), para a creación do Consello municipal para as persoas maiores.

Rexistro de entrada do día 16 de outubro de 2019, núm. 213(substituída pola núm. 215), presentada polos grupos municipais de CA e BNG, para expresar a solidariedade co pobo catalán e rexeitar a Sta. do Tribunal Supremo contra líderes políticos cataláns e o Procés.

Antes de proceder ao estudo dos asuntos incluídos na orde do día, gárdase un minuto de silencio polas vítimas da violencia de xénero.

A continuación teñen lugar as seguintes intervencións:

Dona Natividad Rodríguez Castro, en representación dos/as veciños/as do Parque da Trisca, como interesada en relación ao plan de choque para mellorar a contorna do parque da Trisca.

Dona María Rodríguez Lafuente, en representación da asociación ecoloxista ADEGA, en relación á proposición que figura como punto número 5 na orde do día da presente sesión.

E en terceiro lugar, Don Manuela Fraguela, en representación da Plataforma de pensionistas de Compostela.

1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS CORRESPONDENTES Á SESIÓN ORDINARIA DO 26 DE SETEMBRO E EXTRAORDINARIA DO 15 DE OUTUBRO, DESTE AÑO 2019.

O Pleno da Corporación, por unanimidade dos/as concelleiros e concelleiras presentes aproba as actas correspondentes as sesións ordinaria do día 26 de setembro e extraordinaria do día 15 de outubro, deste ano 2019.

A continuación ten lugar a votación para a inclusión na orde do día da presente sesión a moción de urxencia presentada polo grupo municipal Popular, con data 22 de outubro de 2019, para mostrar o apoio da Corporación Municipal ao labor das forzas e corpos de seguridade do Estado en Cataluña como garantes do estado de dereito, e o Pleno da Corporación por 18 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e Partido Popular (10 PSdeG-PSOE e 8 PP) e 6 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras presentes dos grupos municipais de Compostela Aberta e BNG (4 CA e 2 BNG), acorda que sexa incluída por urxencia, para a súa defensa na presente sesión.

2. APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PXOM EN EXECUCIÓN DAS SENTENZAS ANULATORIAS DO POLÍGONO 11. CASTIÑEIRIÑO.

O informe de data 14 de outubro de 2019, en relación co asunto do epígrafe emitido pola xefa de sección de xestión urbanística ao que da o conforme o secretario xeral do pleno, ten o seguinte contido:

“1. Xustificación e alcance da modificación

A modificación fórmase de oficio polo Concello de Santiago, a través dos servizos técnicos de Planeamento e Xestión, co fin de dar cumprimento ás sentenzas ditadas polo

Tribunal Superior de Xustiza de Galicia nos procedementos PO 4752/2007 e 4738/2008, interpostos contra o Plan xeral de ordenación municipal (PXOM).

As sentenzas anulan parcialmente as determinacións do vixente PXOM no que atinxe á inclusión de concretas parcelas no ámbito do polígono de solo urbano non consolidado P-11 (Castiñeiriño), declarando que as parcelas afectadas han de recibir a consideración de solo urbano consolidado.

Se ben as sentenzas se refiren só a concretas parcelas identificadas nas respectivas demandas, a anulación obrigou a revisar a delimitación do polígono 11, e analizar as distintas alternativas de ordenación, non só das parcelas afectadas pola sentenzas, senón tamén dos terreos restantes incluídos no polígono e mesmo do seu contorno, co fin de asegurar a necesaria coherencia e integración da ordenación resultante.

Para este fin, no Documento ambiental estratéxico (DAE) elaborado en xullo de 2018 foron analizadas e avaliadas as distintas alternativas de ordenación, concluíndose a inviabilidade de manter o polígono 11. En consecuencia, a presente Modificación ten por obxecto suprimir o citado polígono, categorizando os terreos afectados como solo urbano consolidado, e definir a súa cualificación e ordenación detallada nos termos esixidos polo artigo 53.b) da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG).

2. Avaliación ambiental estratéxica

Por resolución da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático de data 22.11.2018 emitíuse o preceptivo informe ambiental estratéxico, resolvendo non someter a modificación ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria.

Durante o trámite de consultas previas emitiron informe favorable as Direccións Xerais de Mobilidade, Ordenación Forestal, Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica, así como o Instituto de Estudos do Territorio relativo á paisaxe.

O informe emitido pola Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo sinala varias cuestións, as cales foron xa integradas no documento que se somete a aprobación inicial, como de seguido se indica:

-Incorpóranse ao documento como anexo as sentenzas anulatorias das que trae causa a Modificación.

-Inclúense no Estudo económico-financieiro as previsións para a obtención e execución das novas superficies destinadas a viario e espazos libres

-Inclúese a referencia á *Modificación puntual do PXOM e do PE-8 no ámbito do equipamento universitario EU-2 -Grupo de vivendas de San Ignacio de Loyola*, que mudou a adscripción dos terreos do sistema xeral PU-20 (parque das Hortas), os cales quedaron adscritos ao polígono 22.

-O terreo situado ao norte do ámbito, ocupado por unha gasoleira, regúlase polo planeamento aprobado e en vigor no ámbito do SUNP-17 (Plan parcial aprobado no ano 1993, coa Modificación puntual aprobada no ano 2002).

-O código 11 que se reflicte nos terreos situados máis ao sur do ámbito correspóndese coa ordenación definida no proxecto, que dispón a aplicación dos parámetros da ordenanza 11 do PXOM en todo o que non se atope expresamente regulado na modificación.

3. Ámbito da modificación

A modificación proposta inclúe non só o ámbito do polígono 11, senón que se estende cara ao norte e cara o oeste, diferenciándose tres subámbitos de actuación, todos eles situados na marxe oeste da rúa do Castiñeiriño.

-Zona norte, situada entre a rúa de Monte do Seixo e o edificio do Corte Inglés: Inclúe parcelas reguladas polo planeamento do SUNP-17, e terreos de solo urbano suxeitos á aplicación das ordenanzas 10A e 3A. Neste ámbito incorpórase o itinerario peonil que comunica a rúa de Monte do Seixo coa rúa situada ao sur do Corte Inglés, e reflíctense as aliñacións resultantes da Modificación puntual do PXOM no ámbito do SUNP-17, aprobada definitivamente o 28.11.2002.

-Zona central, delimitada ao norte pola rúa de Monte do Seixo, e ao sur polas rúas Agustín Sixto Seco e Josefa Iglesias Vilarelle: Axústanse as aliñacións para recoller, na medida do posible, as edificacións existentes; propónse un itinerario peonil que conecta as rúas de Josefa Iglesias e de Monte do Seixo a través da reserva dotacional RE-SUNP-14.

-Zona sur, coincidente co antigo polígono 11 do PXOM. Mantéñense, na medida do posible, as edificacións existentes, prolongando a aliñación definida polo edificio da farmacia, o que implica deixar fóra de ordenación dúas edificacións afectadas (restaurante Paz Nogueira) mantendo dentro de ordenación outras dúas situadas máis ao sur, que se someten á ordenanza 11 do PXOM.

Así mesmo, a Modificación propón reaxustar a conexión viaria prevista no PXOM que enlaza o SUNP-14 coa rúa do Castiñeiriño, mantendo a sección xa executada (rúa de

Josefa Iglesias), se ben prevendo a súa regularización cando se edifique a parcela hoxe ocupada polo aparcadoiro da farmacia.

4. Incidencia no sistema de dotacións do PXOM

No documento analízanse os efectos da modificación proposta en canto á dotación de sistemas xerais e locais previstos no PXOM vixente, concluíndose:

-Respecto dos sistemas locais, a supresión da zona libre ZL-183 non altera o equilibrio de dotacións, toda vez que se seguen a cumprir os estándares legais no conxunto do solo urbano non consolidado do distrito, segundo esixe o artigo 65.6 do Regulamento de desenvolvemento da Lei do solo de Galicia.

-Respecto dos sistemas xerais, a peza do sistema xeral PU-20 (parque urbano das Hortas) orixinalmente adscrita ao polígono 11, pasou a quedar adscrita ao polígono 22 a resultas da *Modificación puntual do PXOM e do PE-8 no ámbito do equipamento universitario EU-2 -Grupo de vivendas de San Ignacio de Loyola*, aprobada definitivamente o 20.09.2018.

No estudo económico financeiro prevese a obtención do solo situado fóra das aliñacións por cesión gratuíta dos propietarios afectados, co carácter de cesión obrigatoria vinculada ao outorgamento das respectivas licenzas de edificación ou rehabilitación integral, segundo se reflicte no plano O2.

5. Procedemento aplicable

A modificación, en canto afecta á ordenación detallada establecida polo PXOM vixente, haberá de tramitarse a través do procedemento regulado nos artigos 60 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, *do solo de Galicia (LSG)* e 144 do seu Regulamento (RLSG), sendo competente o Pleno Municipal para a súa aprobación inicial, provisional e definitiva consonte ao disposto polos artigos 61.2 da LSG, 146.2 do RLSG e 123.1.i) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).

En consecuencia, propónse ao Pleno Municipal, previo ditame que haberá de emitir a Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestruturas, Vivenda, Medio Ambiente, Medio Rural e Servizos, adoptar o seguinte **ACORDO**:

Primeiro. Aprobación inicialmente a Modificación puntual do Plan xeral de ordenación municipal (PXOM) en execución das sentenzas anulatorias do polígono 11 (Castiñeiriño), segundo o proxecto formulado pola Sección Municipal de Planeamento en outubro de 2019.

Segundo. Someter o expediente a información pública durante o prazo de DOUS MESES, mediante anuncios que para o efecto se publicarán no Diario Oficial de Galicia e nun xornal dos de maior difusión na provincia.

A documentación sometida a información pública abarcará todos os documentos do expediente tramitado, e incluírá:

-O resumo executivo que esixe o artigo 25.3 do Real decreto legislativo 7/2015, polo que se aproba o Texto refundido de la lei do solo e rehabilitación urbana.

-A resolución da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático de data 22 de novembro de 2018, pola que se formula o Informe ambiental estratéxico.

Terceiro. En cumprimento do que dispón o apartado 7 do artigo 60 da LSG, **o Concello trasladará a documentación á Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo**, a fin de que por este órgano se outorgue audiencia aos municipios limítrofes e se soliciten os informes sectoriais autonómicos que resulten preceptivos.

Cuarto. Solicitarase informe ao Ministerio de Fomento sobre posibles afeccións a estradas de titularidade estatal.

O acordo de aprobación inicial determina ex lege, por aplicación do artigo 47.2 da LSG, a **suspensión do outorgamento das licenzas** que poidan resultar incompatibles coa nova ordenación proposta, durante o prazo máximo de DOUS ANOS, contado dende a aprobación inicial.

O acordo deberá adoptarse co voto favorable da **maioría absoluta** do número legal de membros da Corporación, en cumprimento do esixido polo artigo 123.2 da Lei reguladora das bases do réxime local, sendo preceptivo, de conformidade co sinalado no artigo 122.5.e), punto 2 da mesma Lei, o asesoramento do secretario xeral do Pleno.”

Á vista do informe transcrito, máis do ditame favorable da Comisión informativa de urbanismo, infraestruturas, vivenda, medio ambiente, medio rural e servizos, correspondente a súa sesión do día 17 de outubro do corrente ano, o Pleno da Corporación por 14 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras presentes dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e CA (10 PSdeG-PSOE e 4 CA) e 10 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais do Partido Popular e do BNG (8 PP e 2 BNG), polo tanto co quórum da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación, acorda:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a modificación puntual do Plan xeral de ordenación municipal (PXOM) en execución das sentenzas anulatorias do polígono 11

(Castiñeiriño), segundo o proxecto formulado pola Sección Municipal de Planeamento en outubro de 2019.

Segundo.- Someter o expediente a información pública durante o prazo de DOUS MESES, mediante anuncios que para o efecto se publicarán no Diario Oficial de Galicia e nun xornal dos de maior difusión na provincia.

A documentación sometida a información pública abarcará todos os documentos do expediente tramitado, e incluírá:

-O resumo executivo que esixe o artigo 25.3 do Real decreto lexislativo 7/2015, polo que se aproba o Texto refundido de la lei do solo e rehabilitación urbana.

-A resolución da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático de data 22 de novembro de 2018, pola que se formula o Informe ambiental estratéxico.

Terceiro.- En cumprimento do que dispón o apartado 7 do artigo 60 da LSG, o Concello trasladará a documentación á Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, a fin de que por este órgano se outorgue audiencia aos municipios limítrofes e se soliciten os informes sectoriais autonómicos que resulten preceptivos.

Cuarto.- Solicitarase informe ao Ministerio de Fomento sobre posibles afeccións a estradas de titularidade estatal.

O acordo de aprobación inicial determina ex lege, por aplicación do artigo 47.2 da LSG, a suspensión do outorgamento das licenzas que poidan resultar incompatibles coa nova ordenación proposta, durante o prazo máximo de DOUS ANOS, contados dende a aprobación inicial.

3. AMPLIACIÓN DOS USOS AUTORIZADOS NA RESERVA DE EQUIPAMENTO RE-4. POLÍGONO 3 DO PLAN PARCIAL DE FONTIÑAS.

A proposta da concelleira delegada de urbanismo, vivenda e cidade histórica de data 11 de outubro do corrente ano, en relación ao asunto do epígrafe, ten o seguinte contido:

“A xefa da Sección de Xestión Urbanística, con data 11 de outubro de 2019 e en relación coa asunto de referencia, emitiu o seguinte informe:

“O Plan parcial de ordenación do solo urbanizable de Fontiñas, segundo a modificación aprobada definitivamente polo Pleno do Concello o 25.06.1999, cualifica para o uso de equipamento docente (DEXB-17) unha parcela, de 12.454 m² de superficie, situada no polígono 3 do citado Plan parcial. A citada parcela foi cedida ao Concello, en pleno

dominio e libre de cargas, coa aprobación do Proxecto de compensación do polígono 3 de Fontiñas, que tivo lugar por acordo plenario de data 29.05.1998.

Logo de expediente tramitado polo Concello, que obtivo a súa resolución definitiva mediante acordo plenario de data 25 de abril de 2002, produciuse a desafectación e segregación dunha parte da parcela (parcela A), de 5.000 m² de extensión, con destino á construción dun conservatorio de música, quedando o resto de predio matriz coa seguinte descrición:

Parcela B, resto de predio matriz: Porción sur da parcela DEXB-17 do polígono 3 do Plan parcial de Fontiñas, destinada a usos educativos, cunha superficie de 7.454 m², e cunha edificabilidade de 11.181 m² construídos, á que poderá acumularse, de ser o caso, o 70% da edificabilidade que non fose consumida na construción da parcela A, dedicada a conservatorio.

O Pleno Municipal, en sesión que tivo lugar o día 22.02.2007, acordou ampliar os usos permitidos na parcela anteriormente descrita co fin de permitir, ademais do docente asignado polo plan parcial, o de equipamento asistencial de titularidade pública.

Posteriormente, o Plan xeral de ordenación municipal incluíu a citada parcela, coa denominación RE-4 na “reserva de equipamento da cidade”, que son reservas de equipamento sen uso concreto asignado

1. Proposta de implantación de aparcadoiro

A concelleira delegada de Urbanismo, mediante providencia asinada o 11 de outubro de 2019, e co fin de mellorar as condicións de mobilidade, resolveu encomendar aos servizos técnicos municipais a realización das actuacións que procedan para autorizar o uso de aparcadoiro público na reserva RE-4 (polígono 3 de Fontiñas), co carácter de actuación complementaria das de mellora dos accesos á cidade dos Camiños de Santiago que se están a realizar en colaboración coa Xunta de Galicia.

2. Normativa aplicable

O artigo 65 do Regulamento de desenvolvemento da lei do solo de Galicia (RLSG) define ás dotacións urbanísticas como “o conxunto de instalacións e servizos destinados á satisfacción das necesidades dos cidadáns”, e inclúe aos aparcadoiros dentro do *sistema local de infraestruturas de comunicacións* (artigo 65.4, b1).

O artigo 71 do RLSG, no seu apartado 1.g), define o uso *dotacional múltiple* como a “cualificación xenérica para reservas de solo con destino a equipamentos ás que non se

asigna un uso específico no momento da redacción do planeamento, deixando a súa definición para un momento posterior”

Nin a Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) nin o seu Regulamento regulan o procedemento a seguir para concretar o uso específico destas dotacións multiuso, polo que cabería entender que a dita concreción non está suxeita a especiais requisitos formais, distintos da aprobación do proxecto correspondente pola Xunta de Goberno Local.

Agora ben, o planeamento vixente integra a dotación RE-4 dentro do sistema de equipamentos, polo que a asignación de calquera outro uso dotacional, distinto dos relacionados para o sistema de equipamentos, implica en rigor unha modificación ou cambio do uso atribuído polo plan, que haberá de realizarse consonte ao procedemento legalmente establecido.

Os artigos 42.4 da LSG e 65.7 do RLSG si regulan un procedemento simplificado para *acordar o cambio de uso dos terreos reservados para equipamentos públicos por outro uso dotacional público distinto, sempre que se manteña a titularidade pública ou se destine a incrementar as zonas verdes e os espazos libres públicos.*

Este cambio de uso pode realizarse a través dun acordo plenario adoptado por maioría absoluta, sen necesidade de seguir o procedemento de modificación do plan. Trátase dunha norma flexibilizadora do uso das reservas de equipamento comunitario, que permite acomodar a súa concreta utilización ás necesidades que en cada momento demande o interese público.

Do teor literal dos preceptos citados infírense dous requisitos substantivos para que poida acordarse o cambio de uso:

-Que se realice sobre terreos reservados para *equipamentos públicos*, é dicir, terreos reservados para calquera dos usos relacionados no artigo 71.1 do RLSG (sanitario-asistencial, educativo, cultural, deportivo, administrativo-institucional, servizos públicos e dotacional múltiple)

-Que o novo uso asignado sexa de carácter *dotacional e titularidade pública*

Como xa se indicou antes, o concepto de uso dotacional identifícase co de dotación urbanística, que integra non só os do sistema de equipamento anteriormente relacionados, senón tamén os dos outros sistemas enumerados no apartado 4 do artigo 65 do RLSG: sistema de infraestruturas de comunicación, sistema de infraestruturas de redes de servizos e sistema de espazos libres e zonas verdes.

3. Conclusión

Con base no exposto, e toda vez que os aparcadoiros forman parte do sistema de infraestruturas de comunicacións, tendo a consideración de dotacións urbanísticas, conclúese que a implantación do uso de aparcadoiro público na reserva de equipamento RE-4 resulta autorizable a través do procedemento que regulan os artigos 42.2 da LSG e 65.7 do seu Regulamento.

O acordo deberá adoptarse co voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación, e co asesoramento preceptivo do secretario xeral do Pleno Municipal.

O acordo publicárase no Diario Oficial de Galicia e no Boletín Oficial da Provincia.”

De conformidade co informe transcrito, propónse ao Pleno Municipal, previo ditame que haberá de emitir a Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestruturas, Vivenda, Medio Ambiente, Medio Rural e Servizos, adoptar o seguinte ACORDO:

-Ao abeiro do previsto nos artigos 42.2 da LSG e 65.7 do seu Regulamento, ampliar os usos dotacionais permitidos na reserva de equipamento RE-4 (polígono 3 de Fontiñas), autorizando, ademais dos propios de sistema de equipamento, o de aparcadoiro público.

O acordo deberá adoptarse co voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación, e co asesoramento preceptivo do secretario xeral do Pleno Municipal.

O acordo publicárase no Diario Oficial de Galicia e no Boletín Oficial da Provincia.”

Á vista da proposta transcrita, máis do ditame favorable da Comisión informativa de urbanismo, infraestruturas, vivenda, medio ambiente, medio rural e servizos, correspondente a súa sesión do día 17 de outubro do corrente ano, o Pleno da Corporación por unanimidade dos/as concelleiros e concelleiras presentes, polo tanto co quórum da maioría absoluta do número legal de membros da corporación, acorda ao abeiro do previsto nos artigos 42.2 da LSG e 65.7 do seu Regulamento, ampliar os usos dotacionais permitidos na reserva de equipamento RE-4 (polígono 3 de Fontiñas), autorizando, ademais dos propios de sistema de equipamento, o de aparcadoiro público.

O acordo publicárase no Diario Oficial de Galicia e no Boletín Oficial da Provincia.

4. AMPLIACIÓN DOS USOS AUTORIZADOS NA RESERVA DOTACIONAL MULTIUSO DM-6. TRIACASTELA.

A proposta da concelleira delegada de urbanismo, vivenda e cidade histórica de data 11 de outubro do corrente ano, en relación á ampliación dos usos autorizados na reserva dotacional do multiuso DM-6. Triacastela, ten o seguinte contido:

“A xefa da Sección de Xestión Urbanística, con data 11 de outubro de 2019 e en relación coa asunto de referencia, emitiu o seguinte informe:

“O presente informe emítese a resultas da providencia da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica, de data 11 de outubro de 2019, relativa á implantación dun aparcadoiro de superficie na reserva dotacional DM-6 (Triacastela).

1. Planeamento vixente

O vixente Plan xeral de ordenación municipal (PXOM) inclúe entre as reservas do sistema local de equipamento multiuso na cidade (cadro nº 24) a identificada como DM-6, nomeada *Centro dotacional multiuso Triacastela*.

2. Proposta de implantación de aparcadoiro

A concelleira delegada de Urbanismo, mediante providencia asinada o 11 de outubro de 2019, e co fin de mellorar as condicións de mobilidade, resolveu encomendar aos servizos técnicos municipais a realización das actuacións que procedan para autorizar o uso de aparcadoiro público na reserva dotacional DEM-6 (Triacastela), co carácter de actuación complementaria das de mellora dos accesos á cidade dos Camiños de Santiago que se están a realizar en colaboración coa Xunta de Galicia.

3. Normativa aplicable

O artigo 65 do Regulamento de desenvolvemento da Lei do solo de Galicia (RLSG) define ás dotacións urbanísticas como “o conxunto de instalacións e servizos destinados á satisfacción das necesidades dos cidadáns”, e inclúe aos aparcadoiros dentro do *sistema local de infraestruturas de comunicacións* (artigo 65.4, b1).

O artigo 71 do RLSG, no seu apartado 1.g), define o uso *dotacional múltiple* como a “cualificación xenérica para reservas de solo con destino a equipamentos ás que non se asigna un uso específico no momento da redacción do planeamento, deixando a súa definición para un momento posterior”

Nin a Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) nin o seu Regulamento regulan o procedemento a seguir para concretar o uso específico destas dotacións multiuso, polo que cabería entender que a dita concreción non está suxeita a especiais

requisitos formais, distintos da aprobación do proxecto correspondente pola Xunta de Goberno Local.

Agora ben, o planeamento vixente integra a dotación DEM-6 dentro do sistema de equipamentos, polo que a asignación de calquera outro uso dotacional, distinto dos relacionados para o sistema de equipamentos, implica en rigor unha modificación ou cambio do uso atribuído polo plan, que haberá de realizarse consonte ao procedemento legalmente establecido

Os artigos 42.4 da LSG e 65.7 do RLSG si regulan un procedemento simplificado para *acordar o cambio de uso dos terreos reservados para equipamentos públicos por outro uso dotacional público distinto, sempre que se manteña a titularidade pública ou se destine a incrementar as zonas verdes e os espazos libres públicos.*

Este cambio de uso pode realizarse a través dun acordo plenario adoptado por maioría absoluta, sen necesidade de seguir o procedemento de modificación do plan. Trátase dunha norma flexibilizadora do uso das reservas de equipamento comunitario, que permite acomodar a súa concreta utilización ás necesidades que en cada momento demande o interese público.

Do teor literal dos preceptos citados infírense dous requisitos substantivos para que poida acordarse o cambio de uso:

- Que se realice sobre terreos reservados para *equipamentos públicos*, é dicir, terreos reservados para calquera dos usos relacionados no artigo 71.1 do RLSG (sanitario-asistencial, educativo, cultural, deportivo, administrativo-institucional, servizos públicos e dotacional múltiple)
- Que o novo uso asignado sexa de carácter *dotacional e titularidade pública*

Como xa se indicou antes, o concepto de uso dotacional identifícase co de dotación urbanística, que integra non só os do sistema de equipamento anteriormente relacionados, senón tamén os dos outros sistemas enumerados no apartado 4 do artigo 65 do RLSG: sistema de infraestruturas de comunicación, sistema de infraestruturas de redes de servizos e sistema de espazos libres e zonas verdes.

4. Conclusión

Con base no exposto, e toda vez que os aparcadoiros forman parte do sistema de infraestruturas de comunicacións, tendo a consideración de dotacións urbanísticas, conclúese que a implantación do uso de aparcadoiro público na reserva dotacional DM-

6 resulta autorizable a través do procedemento que regulan os artigos 42.2 da LSG e 65.7 do seu Regulamento.

O acordo deberá adoptarse co voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación, e co asesoramento preceptivo do secretario xeral do Pleno Municipal.

O acordo publicarase no Diario Oficial de Galicia e no Boletín Oficial da Provincia.”

De conformidade co informe transcrito, propónse ao Pleno Municipal, previo ditame que haberá de emitir a Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestruturas, Vivenda, Medio Ambiente, Medio Rural e Servizos, adoptar o seguinte **ACORDO**:

- Ao abeiro do previsto nos artigos 42.2 da LSG e 65.7 do seu Regulamento, ampliar os usos dotacionais permitidos polo vixente Plan xeral na reserva de equipamento DM-6 (Triacastela), autorizando, ademais dos propios do sistema de equipamentos, o de aparcadoiro público.

O acordo deberá adoptarse co voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación, e co asesoramento preceptivo do secretario xeral do Pleno Municipal.

O acordo publicarase no Diario Oficial de Galicia e no Boletín Oficial da Provincia.”

De conformidade coa proposta transcrita, máis do ditame favorable da Comisión informativa de urbanismo, infraestruturas, vivenda, medio ambiente, medio rural e servizos, correspondente a súa sesión do día 17 de outubro do corrente ano, o Pleno da Corporación por unanimidade dos/as concelleiros e concelleiras presentes, polo tanto co quórum da maioría absoluta do número legal de membros da corporación, acorda ao abeiro do previsto nos artigos 42.2 da LSG e 65.7 do seu Regulamento, ampliar os usos dotacionais permitidos polo vixente Plan Xeral na reserva de equipamento DM-6 (Triacastela), autorizando, ademais dos propios do sistema de equipamentos, o de aparcadoiro público.

O acordo publicarase no Diario Oficial de Galicia e no Boletín Oficial da Provincia.

5. PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA, PARA A REACTIVACIÓN DA COMISIÓN ENCARGADA DE DETERMINAR A FORMA MÁIS SOSTIBLE E EFICIENTE DE XESTIONAR OS SERVIZOS DE ABASTECIMENTO DE AUGA E SANEAMENTO.

O texto da proposición presentada con data 10 de outubro do corrente ano, número 180, ten o seguinte contido:

“O Grupo Municipal de Compostela Aberta, ao abeiro do regulamento orgánico municipal do Concello de Santiago, presenta a seguinte proposición para o seu debate no Pleno. O proxecto do acordo procura completar os traballos iniciados anteriormente polo Concello para determinar cal é a forma máis sustentable e eficiente para xestionar os servizos de abastecemento de auga e saneamento.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

No anterior mandato foron recuperados para o público os servizos da ORA e guindastre así como o da asesoría xurídica. É vontade do grupo municipal de Compostela Aberta que no mandato actual o Concello de Santiago continúe a traballar no estudio da posibilidade da recuperación de máis servizos municipais privatizados en etapas anteriores. Neste sentido, o noso grupo ten especial interese en que se abra o debate sobre a xestión do servizo da auga, seguindo o camiño aberto por outras cidades do Estado -como Valladolid (300.795 habitantes), Badalona (215.634 habitantes) ou Terrasa (215.121 habitantes)- ou europeas -como Berlín, París ou Turín- nas que este servizo foi recuperado polos concellos.

Compostela Aberta é consciente das trabas lexislativas e dos obstáculos que as administracións autonómica e estatal lle poñen aos concellos para poder decidir o sistema de xestión e que sería importante modificar o marco legal para que isto fose máis simple. Aínda así, consideramos que hai servizos públicos e básicos para a cidadanía que se garanten mellor cunha xestión desde o público, transparente. É por isto que o pasado 7 de xaneiro de 2019 o Concello de Santiago constituíu a Comisión encargada de determinar a forma máis sostible e eficiente de xestionar os servizos de abastecemento de auga e saneamento e depuración de augas residuais. Este órgano foi creado dándolle cumprimento a un acordo do Pleno de novembro de 2018, e del forman parte representantes do Goberno e dos tres grupos da oposición, o interventor municipal, o secretario do Concello, os directores das áreas de Urbanismo, Facenda e Persoal e Asesoría Xurídica; os xefes dos servizos de Contratación, Persoal e Saneamento; e un economista da Oficina Orzamentaria.

Na primeira xuntanza da citada comisión acordouse a contratación dunha consultoría externa que debía realizar un estudo comparativo das distintas opcións para a xestión dos servizos de abastecemento e saneamento, contemplando tanto a posibilidade da xestión municipal como as diferentes opcións de xestión indirecta. Este servizo foille contratado á Consultora en Gestión Innovadora S.L. (CGI) en abril de 2019. Previamente, a concellería de Facenda contratara unha auditoría económica do servizo da concesionaria da auga. Dos dous estudos chegaronse a entregar borradores antes do remate do anterior mandato, pero non os informes definitivos. Na actualidade, Viaqua

está a xestionar o ciclo da auga en virtude dunha orde de continuidade do servizo ditada no pasado mes de abril, baixo as mesmas cláusulas do contrato que concluía en maio. A relación entre o Concello e a empresa concesionaria, primeiro baixo a denominación de Aquagest, remóntase ao ano 1971, primeiro cun contrato e desde 1984 cunha concesión de servizo, con prórrogas que nalgún caso supuxeron irregularidades recoñecidas polo Tribunal de Contas.

Fronte a isto, existen enquisas e estudos sociolóxicos que reflicten a preferencia da cidadanía santiaguesa pola xestión pública da auga. Nunha enquisa realizada a principios deste mesmo ano preguntábaselle á poboación cal pensaban que era o mellor xeito de xestionar o servizo municipal de auga en Santiago. Os resultados da mesma son esclarecedores: un 63,3% apostaban por un servizo xestionado polo Concello ou unha empresa municipal de augas, fronte a un 17,2% que optaba por unha empresa concesionaria do servizo. Unhas escollas que eran maioritarias entre os electores de todos os grupos aquí representados no Pleno Municipal.

Así pois, tendo en conta todo o anterior, o Grupo Municipal de Compostela Aberta presenta á consideración do Pleno o seguinte:

ACORDO:

O Pleno insta ao correspondente órgano do Concello de Santiago a:

1. Retomar os traballos da Comisión encargada de determinar a forma máis sostible e eficiente de xestionar os servizos de abastecemento de auga e saneamento e depuración de augas residuais.
2. Facer públicos os resultados do estudo comparativo sobre as formas de xestión do ciclo da auga adxudicado a Consultoría en Gestión Innovadora S.L (CGI) e da auditoría á actual empresa concesionaria.
3. Abrir un debate público e as necesarias canles de diálogo, comunicación e participación coa veciñanza e co tecido asociativo de Santiago para recoller os seus posicionamentos e sexan partícipes dunha decisión de tanta transcendencia como esta.”

Rematado o debate o Pleno da Corporación por 6 votos a favor dos/as concelleiros e concelleiras presentes dos grupos municipais de CA e BNG (4 CA e 2 BNG), 10 votos en contra, correspondentes aos concelleiros e concelleiras do grupo municipal Socialista e 8 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras do grupo municipal Popular, rexeita a presente proposición.

6. PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA, PARA A CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA PÚBLICA E MOBILIZACIÓN DA VIVENDA BALEIRA.

Con data 18 de outubro do corrente ano, número de rexistro 214, presentouse a seguinte proposición:

“O Grupo Municipal de Compostela Aberta, ao abeiro do regulamento orgánico municipal do Concello de Santiago, presenta a seguinte proposición para o seu debate no Pleno. O proxecto do acordo procura dar solucións á actual problemática de acceso á vivenda, dereito recoñecido constitucionalmente (artigo 47), na nosa cidade que, ademais, está a verse agravada pola constante suba dos alugueiros.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Nos últimos meses os medios de comunicación veñen recollendo a crecente preocupación da cidadanía por causa da escaseza de vivenda para alugueiro, así como do importante aumento dos prezos dos mesmos. A causa principal desta emerxencia habitacional semella clara, posto que moitas das vivendas que anteriormente eran destinadas ao alugueiro, fose para familias ou fose para estudantes, agora son destinadas ao uso turístico.

Segundos os últimos datos do ‘Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas’ publicados o mes pasado, das 14.674 prazas turísticas ofertadas en Santiago de Compostela, máis de 3.193 prazas correspóndense con vivendas ou apartamentos. Este mesmo rexistro contabiliza 612 vivendas de uso turístico, 20 apartamentos e 3 vivendas turísticas -segundo as categorías da Xunta- na nosa cidade. En todo caso, unha cifra moito menor que a recollida nas plataformas de alugueiro de pisos turísticos, os datos recollidos no portal datahippo.org de outubro de 2018 contabilizaban 933 apartamentos en airbnb, 112 apartamentos en homeaway, 36 apartamentos en onlyapartments e 6 apartamentos en housetrip. Cifras que seguro serán maiores coa próxima actualización de datos, para o 2019, e que confirman o xa apuntado nos diferentes estudos realizados nos últimos anos.

Diante desta situación, compre que o Concello de Santiago tome medidas, máis alá das que lle correspondería ao goberno estatal (coa implantación de mecanismos de control ou regulación de prezos para garantir o dereito básico do acceso a unha vivenda digna tal e como o goberno local lle reclamou varias veces nos pasados anos), e á Xunta de

Galicia (coa regulación do termo *vivenda baleira* para posibilitar que as administracións locais desenvolvan políticas fiscais de gravame ás mesmas).

No anterior mandato iniciáronse dúas liñas de traballo que procuraban conter os prezos e aumentar a oferta de vivenda en alugueiro. Por unha banda o programa *Aviva Compostela* de mobilización de vivenda baleira, que pretende facilitar o acceso a unha vivenda digna a prezos accesibles para aquelas persoas que o precisan, mais alá das políticas da Xunta. E por outra banda, e como medida máis efectiva, compre que o Concello promova a construción de vivenda pública que poida ser posta a disposición da cidadanía en réxime de alugueiro, tal e como sucede nos países que contan con parques públicos de vivenda superiores ao 10% do construído.

Nesta liña, o goberno anterior, iniciou a venda da parcela SUP-1 en Romero Donallo, no 2017, nun proceso que ficou deserto ao estarmos obrigados a vender cuns valores urbanísticos marcados na época da burbulla inmobiliaria. Unha vez finalizado este proceso, puidemos iniciar novamente a venda da parcela, xa a uns valores de mercado máis axustados á actualidade, e froito deste traballo é a futura venda da mesma. O importe obtido pola venda debera ser dedicado á construción de vivenda pública, unha opción que está recollida como obxectivo principal na Lei do Solo estatal e tamén na lei galega tal e como recolle o artigo 331 do seu regulamento: “Os bens do patrimonio público do solo constitúen un patrimonio diferenciado dos restantes bens da Administración titular e deberán ser destinados a algún dos seguintes fins: a) Construción de vivendas suxeitas a algún réxime de protección pública...”. Ademais, esta vivenda pública podería ser executada nalgunha das parcelas dispoñibles que actualmente ten o Concello de Santiago como o SUP-7 na Pontepedriña, o SUNP-11 no Castiñeiriño, o SUNP-12 en Lamas de Abade, o SUNP-5 na Muiña ou o SUNP-14 en Tras Restollal, ou tamén na parcela de Xoán XXIII propiedade do IGVS diante da inactividade do goberno galego.

Así pois, tendo en conta todo o anterior e para procurar dar unha solución, desde o público, ao crecente problema do acceso á vivenda en Santiago, o Grupo Municipal de Compostela Aberta presenta á consideración do Pleno o seguinte:

ACORDO:

O Pleno insta ao correspondente órgano do Concello de Santiago a:

1. Acordar que o importe resultante da venda da parcela SUP-1 Quinteiro 2 sexa destinado á construción de vivendas públicas en réxime de alugueiro.
2. Dar continuidade ao Plan de Mobilización de Vivenda Baleira de Santiago de Compostela *Aviva Compostela* coa dotación dos medios económicos e persoais necesarios.

3. Desenvolver un estudo sobre o uso da vivenda en todo o termo municipal de cara a regular a compatibilidade entre vivendas de uso turístico e vivendas de uso residencial co obxectivo de garantir a existencia dunha bolsa suficiente de vivendas para o seu alugueiro.”

Rematado o debate o Pleno da Corporación por 14 votos a favor dos/as concelleiros e concelleiras presentes dos grupos municipais de CA, Partido Popular e BNG (4 CA, 8 PP e 2 BNG), e 10 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras do grupo municipal Socialista, acorda instar ao correspondente órgano do Concello de Santiago a:

1. Acordar que o importe resultante da venda da parcela SUP-1 Quinteiro 2 sexa destinado á construción de vivendas públicas en réxime de alugueiro.

2. Dar continuidade ao Plan de Mobilización de Vivenda Baleira de Santiago de Compostela *Aviva Compostela* coa dotación dos medios económicos e persoais necesarios.

3. Desenvolver un estudo sobre o uso da vivenda en todo o termo municipal de cara a regular a compatibilidade entre vivendas de uso turístico e vivendas de uso residencial co obxectivo de garantir a existencia dunha bolsa suficiente de vivendas para o seu alugueiro.

7. PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, PARA CREAR UNA CENTRO DE FOTOGRAFÍA EN SANTIAGO DE COMPOSTELA.

O día 15 de outubro do corrente ano, con número de rexistro 184, presentouse a proposición que a seguir se transcribe:

“O grupo municipal do BNG, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte proposición para o seu debate en Pleno para crear un Centro de Fotografía en Santiago de Compostela.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Santiago de Compostela foi historicamente unha cidade onde se asentaron profesionais da fotografía e desenvolveron o seu traballo en estudos, na venda ambulante de imaxes, en xornais e en publicacións periódicas. Na publicación “As orixes da fotografía en Galiza. Estudos composteláns do XIX”, de Carlos I. Castelao, dáse conta da existencia de 24 estudos fotográficos e 12 fotógrafos en ambulancia no século XIX. A iso súmánselle profesionais que retrataron a Compostela do século XX como Ksado, Estalote, Gamallo, Guitián, Almeida, Chicharro... e outras internacionais como Ruth

Mathilda Anderson, Català-Roca ou Anna Turbau que deixaron constancia do seu paso pola cidade no seu legado fotográfico.

Este inmenso patrimonio fotográfico está disperso en arquivos de institucións, entidades, asociacións e boa parte del en mans privadas en mal estado de conservación e co risco de desaparecer, xa sexa pola súa venda ou, directamente, pola súa destrución en moitos casos tras o pasamento das persoas propietarias e ante o desinterese de herdeiros/as. Son as administracións públicas as que deberían fomentar o seu rescate e conservación, recollida (física ou dixitalmente), protección e posta en valor. Este traballo de investigación e recuperación pódese facer en colaboración coa USC e coa Escola de Arte e Superior de Deseño Mestre Mateo.

A creación dun Centro de Fotografía en Compostela, que sexa un referente a nivel nacional, é unha demanda desde hai moito tempo na nosa cidade que pode facilitarlle ao público o seu achegamento, de xeito permanente, a este patrimonio gráfico.

No pasado desenvolvéronse desde o Concello diversas iniciativas de compilación das imaxes que están en mans da veciñanza a nivel privado. Unha delas, organizada en maio de 2003 na Aula de Cultura da Fundación Caixa Galicia, na Carreira do Conde, levou o

título de “Memoria visual de Compostela” con abundosa presenza de fotografía de estudo, láminas fotográficas, imaxes fotomecánicas e postais.

Ademais, son relativamente continuas as exposicións organizadas sobre a temática da imaxe fotográfica en Santiago de Compostela. Todo isto proba o manifesto interese da veciñanza, e non só das institucións e das empresas, na imaxe histórica da cidade.

A Casa do Cabido, a través da xestión do Consorcio de Santiago, recolleu nestes últimos anos diversas exposicións temporais con imaxe antiga de Compostela. Outras foron “Compostela memoria fotográfica”, 1991 (Colexio Oficial de Arquitectos); “A Compostela de Charles Thurston Thompson”, 2000 (Pazo de Fonseca); “Manuel Chicharro Bisi. Pioneiro da fotografía”, 2002 (IEGPS); “Fotografía en Galicia no século XIX. A luz universal. Galería de retratos”, 2004 (Colexio de Fonseca / Igrexa da Universidade); “A historia do comercio en Compostela”, 2007 (Fundación Torrente Ballester); “Pano de fondo. Achegamento á fotografía de estudo 1880-1960”, 2011 (Fundación Caixanova); “Centenario da Exposición Rexional Galega de 1909”, 2009 (IES Rosalía de Castro); “Ramón Sánchez Estalote. Memoria dun tempo”, 2015 (Casa do Cabido / MPG); “Unha ollada ao pasado. Colección de Uxío de la Riva”, 2015 (Casa do Cabido); “A cidade no tempo. A mirada de Manolo Blanco”, 2017 (Colexio de Fonseca), “A intimidade da imaxe. Anna Turbau. Galicia 1975-1979”, 2018 (Colexio de Fonseca), por poñer uns exemplos.

A diversificación e desestacionalización turística pasa por ofrecer tamén espazos museísticos diferenciados. Compostela adoece dunha oferta adecuada aos novos xeitos de exposición, moito máis interactivos e integradores. Neste sentido, cómpre ter en conta que a imaxe fotográfica, ademais dun reclamo para atraer visitantes, é un elemento para coñecer o pasado e a identidade de Santiago de Compostela e de Galiza.

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

O Concello de Santiago realizará as xestións oportunas para a creación dun Centro da Fotografía en Santiago de Compostela que sirva como punto de referencia para archivar, investigar e difundir este patrimonio.”

Con data 22 de outubro do corrente ano, o grupo municipal do Partido Popular presentou unha emenda de modificación do contido do acordo, e despois de chegar acordo entre os dous grupos, chegaron ao seguinte texto transaccional:

“O Concello de Santiago realizará as xestións oportunas para a creación dun Centro de Fotografía e Imaxe en Santiago de Compostela que sirva como punto de referencia para archivar, investigar e difundir este patrimonio.”

Xa que logo o Pleno da Corporación, por unanimidade dos/as concelleiros e concelleiras presentes acorda que o concello realice as xestións oportunas para a creación dun Centro de Fotografía e Imaxe en Santiago de Compostela que sirva como punto de referencia para archivar, investigar e difundir este patrimonio.

8. PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, PARA REALIZAR UN PLAN PARA IMPULSAR O COMERCIO DE PROXIMIDADE COMPOSTELÁN.

Presentouse no rexistro de secretaría de pleno con data 15 de outubro do corrente ano, e número de rexistro 185 a seguinte proposición:

“O grupo municipal do BNG, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte proposición para o seu debate en Pleno para realizar un plan para impulsar o comercio de proximidade compostelán que terá carácter plurianual con sensibilización e difusión do importante comercio local, actividades, servizos de conciliación e facilidades de aparcamento.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS



O pequeno comercio de Santiago de Compostela sufriu nos últimos anos as consecuencias da crise económica, con numerosos peches de establecementos, despedimentos de persoal e precariedade laboral.

Desde as administracións públicas pódese contribuír a reactivar este tecido comercial co apoio ao asociacionismo do pequeno comercio para dinamizar a economía local, ademais de facer campañas específicas de promoción de compras nestes establecementos.

Proponse unha campaña con actividades de difusión de produtos do comercio de proximidade coa edición dun catálogo de distribución gratuíta, servizos de conciliación no Centro Sociocultural do Ensanche e noutros lugares descentralizados por barrios para deixar nenos e nenas mentres se fan compras e tamén a necesidade de dar facilidades con vales desconto nos aparcadoiros, ademais de abrir novas zonas para deixar os vehículos. Ademais da proposta de negociar cos aparcadoiros privados un sistema de vales desconto, é necesaria a construción de aparcadoiros de xestión pública no campus sur, en Belvís e aproveitar a actuación na parcela de Peleteiro para que haxa un novo aparcadoiro público como o de Xoán XXIII.

A tempada de Nadal é unha das oportunidades para desenvolver estas campañas en colaboración coas asociacións de comerciantes. Para iso, cómpre lembrar que no Plan Estratéxico do Comercio Compostelán, que ten como obxectivo fortalecer o sector para facelo máis dinámico, tivo moito éxito a campaña “Compostela capital de compras” cuns resultados positivos e, dentro dela, a específica de Nadal “Regalar custa pouco”. Para iso, distribuíranse 10.000 exemplares dun catálogo de produtos seleccionados de tendas locais que fora editado pola Concellaría de Promoción Económica e repartido de xeito gratuíta entre a veciñanza. Entre os comercios participantes entregáranse varios premios para destacar a especialización dos produtos, a relación calidade-prezo e a orixinalidade no concepto de envases e embalaxes. Isto ía acompañado de actividades de animación tanto no Ensanche como na Cidade histórica, de exposicións sobre o comercio, actividades promocionais e servizos de conciliación familiar.

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

O Concello de Santiago desenvolverá, en colaboración co asociacionismo e comerciantes que queiran adherirse, un plan para impulsar o comercio de proximidade compostelán que terá carácter plurianual con sensibilización e difusión do importante comercio local, actividades, servizos de conciliación e facilidades de aparcamento de vehículos.”

O Pleno da Corporación por unanimidade dos/as concelleiros e concelleiras presentes, acorda que o concello desenvolva, en colaboración co asociacionismo e comerciantes

que queiran adherirse, un plan para impulsar o comercio de proximidade compostelán que terá carácter plurianual con sensibilización e difusión do importante comercio local, actividades, servizos de conciliación e facilidades de aparcamento de vehículos.

9. PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, SOBRE A ELABORACIÓN DUN PLAN MUNICIPAL INTEGRAL CONTRA OS RUÍDOS NOCTURNOS.

Con data 15 de outubro do corrente ano, número de rexistro 193, presentouse a seguinte proposición:

“O **Grupo Municipal do Partido Popular**, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte **PROPOSICIÓN**:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

De entre todas as queixas que poidan expresar os cidadáns en relación a actuación ou a inacción dun concello, as referidas ao ruído -particularmente ao ruído nocturno- son probablemente as máis graves, toda vez que o ruído nocturno -maiormente asociado ao ocio- supón un menoscabo de algo máis que lexítimas expectativas ou dereitos entendidos nun sentido amplo; o ruído nocturno supón o menoscabo de dereitos fundamentais.

Dicir que o ruído nocturno menoscaba o dereito fundamental a inviolabilidade -acústica- domiciliaria, ou que menoscaba o dereito á saúde ou que menoscaba o dereito á propiedade -ao desvalorizar a vivenda- non é unha declaración retórica: é a expresión dun drama, dun sufrimento. Pensemos nesa rapaza do Ensanche que ten que trasladar o seu colchón, do dormitorio á cociña, para poder durmir; ou pensemos nesa veciña do casco histórico que ten que medicarse para poder conciliar o sono.

Descoñecemos o número real de afectados e a intensidade desa afectación. A resignación ante a insensibilidade ou ante a inacción dos poderes públicos (ou, incluso, ante o desmantelamento institucional do sistema de protección fronte ao ruído nocturno) fai que o do ruído nocturno sexa un drama padecido en silencio, pois xa son moitos o veciños que dar por inútil a denuncia do problema. Pero sabemos que os afectados non son poucos, dada a existencia de “zonas acusticamente saturadas”.

Adoita darse por natural ou por inevitable o que nin é natural nin inevitable: que en zonas residenciais se produzan reiterados impactos acústicos que van máis alá do balbordo: berros, cánticos, música distorsionada que traspasa os espazos cerrados, aceleróns dos coches, todo iso coa conseguente desesperación dos residentes.

Coa finalidade de contribuír a poñerlle remedio a este grave problema, o Grupo Municipal Popular propón que o Concello elabore un Plan Municipal integral no que se inclúan medidas para coñecer o verdadeiro alcance do problema, para tratar o mesmo e para paliar os seus efectos.

De acordo co anterior, o Grupo Municipal Popular propón ao Pleno a adopción do seguinte

ACORDO

O Pleno insta ao correspondente órgano de goberno local a desenvolver un Plan Municipal Integral contra os ruídos nocturnos e outras condutas asociadas, no que se inclúan, entre outras, as seguintes iniciativas: a elaboración dun rexistro de chamadas á Policía Local; a elaboración de enquisas entre os veciños a fin de coñecer o número de afectados que xa non chaman a policía; a elaboración dun Mapa de ruídos; a mellora dos mecanismos de medición (sonómetros portátiles, empresas de medición de resposta inmediata); un plan específico de inspección e actuación da Policía; un plan específico de inspección urbanística; campañas de concienciación; revisións normativas (entre elas, o do Decreto de ZAS ou a ordenanza de ruídos); o seguimento das denuncias e dos expedientes sancionadores a fin de evitar a impunidad das condutas máis incívicas ou reincidentes; a tramitación preferente dos expedientes relacionados co ruído nocturno cando afecten ao dereito fundamental da inviolabilidade acústica domiciliar; a disposición dunha liña de axudas á insonorización; o estudo da responsabilidade patrimonial do propio concello en orde a resarcir aos veciños afectados e a previsión de bonificacións no I.B.I., dada a desvalorización das vivendas afectadas.”

Á proposición transcrita presentaron emendas os grupos municipais de Compostela Aberta e PSdeG-PSOE, que non foron aceptadas polo grupo municipal Popular.

Xa que logo, o Pleno da Corporación por 10 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais do Partido Popular e BNG (8 PP e 2 BNG), e 14 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras presentes dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e CA (10 PSdeG-PSOE e 4 CA), acorda instar ao correspondente órgano de goberno local a desenvolver un Plan Municipal Integral contra os ruídos nocturnos e outras condutas asociadas, no que se inclúan, entre outras, as seguintes iniciativas: a elaboración dun rexistro de chamadas á Policía Local; a elaboración de enquisas entre os veciños a fin de coñecer o número de afectados que xa non chaman a policía; a elaboración dun Mapa de ruídos; a mellora dos mecanismos de medición (sonómetros portátiles, empresas de medición de resposta inmediata); un plan específico de inspección e actuación da Policía; un plan específico de inspección urbanística; campañas de concienciación; revisións normativas (entre elas, o do Decreto de ZAS ou a ordenanza de ruídos); o seguimento das denuncias e dos expedientes

sancionadores a fin de evitar a impunidade das condutas máis incívicas ou reincidentes; a tramitación preferente dos expedientes relacionados co ruído nocturno cando afecten ao dereito fundamental da inviolabilidade acústica domiciliaria; a disposición dunha liña de axudas á insonorización; o estudo da responsabilidade patrimonial do propio concello en orde a resarcir aos veciños afectados e a previsión de bonificacións no I.B.I., dada a desvalorización das vivendas afectadas.

10. PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, PARA EXECUTAR INVESTIMENTOS NA CIDADE EN 2019 E 2020 POR IMPORTE DE 5 MILLÓNS DE EUROS, PROCEDENTES DO SUPERÁVIT, E SE CUMpra COS PRAZOS DE PAGAMENTO A AUTÓNOMOS E EMPRESAS.

O texto da proposición para executar investimentos na cidade, presentada con data 15 de outubro e número de rexistro 194, ten o seguinte contido:

“O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte PROPOSICIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Concello dispón dunha situación financeira con moitas posibilidades para o investimento.

Proba diso son os preto de 40 millóns de euros que se acumulan en superávits desde 2015 por falla de execución, ata chegar en 2018 á cifra récord histórica de 17 millóns de euros, que xunto cos 42,8 millóns de euros nos bancos (segundo o dato da liquidación de 2018), conforman un escenario financeiro de amplas posibilidades.

A Disposición Adicional Sexta da Lei 2/2012, do 27 de abril, para a estabilidade orzamentaria de 2012, permite dedicar o superávit a investimentos sostibiles. Neste senso, o Concello non pode desperdiciar esta oportunidade para investir máis de 5 millóns de euros na cidade, considerando ademais que a nova normativa (Real Decreto-lei 10/2019) esixe só que se autorice o gasto durante este ano 2019. (No caso de que un proxecto de investimento non poida executarse integramente en 2019, a parte restante do gasto autorizado en 2019 poderase comprometer e recoñecer no exercicio 2020, financiándose con cargo ao remanente de tesourería de 2019 que quedará afectado a ese fin por ese importe restante e a Corporación Local non poderá incorrer en déficit ao final do exercicio 2020).

Dos 12,5 millóns de euros que era posible dedicar a investimentos na cidade durante 2019 e 2020, de momento nin un só euro se dedicou a investir na cidade, mais aínda,

dedicáronse preto de 6 millóns de euros a devolver de xeito anticipado os cartos aos bancos, cando o nivel de endebedamento é o mais baixo desde hai moitos anos.

Neste senso, cos referidos índices de endebedamento en mínimos históricos, debe rexeitarse que se continúe unha política de adiantar os cartos aos bancos en detrimento dos investimentos necesarios na cidade.

Por outra banda, é preciso que o Concello, despois de máis de cen días de xestión cumpra coa lei e pague en prazo aos autónomos e empresas, rompendo cunha inercia negativa que se mantén desde hai varios anos.

Durante o pasado mandato, a tardanza no pagamento medio aos provedores (PMP) do Concello foi unha constante que se prolongou durante practicamente os catros anos. Só ao longo do pasado ano 2018 durante 11 meses incumpríuse a obriga legal de 30 días, chegando no mes de outubro a acadar os 87,5 días de demora no pagamento medio de facturas.

Se falamos do Refuxio de Animais de Bando, os tempos de pagamento elévanse de forma considerable, posto que no mes de xullo alcanzáronse os 187 días, pero no seguinte mes, en agosto, as xornadas chegaron a ser 217.

O mandato anterior supuxo unha quebra respecto da correcta xestión do PMP que se tiña desenvolvido durante o Goberno do Partido Popular, que cumpriu de forma escrupulosa o prazo máximo sinalado na lei, transferindo o diñeiro en prazo ata chegar no mes de marzo de 2015 a reducir o prazo ata os 9 días, o máis baixo na historia do Concello desde que se dispoñen de datos sistematizados.

Coa chegada do novo Goberno socialista, a esperanza por recuperar a normalidade de xestión dos pagamento a provedores está a verse truncada desde o mesmo inicio. No que levamos de ano non se cumpriu nunha soa ocasión o PMP, resultando especialmente negativo o último trimestre dispoñible, con 69 días en xuño, 66 días en xullo e 101,5 días en agosto, o que supón un clamoroso incumprimento da lexislación e,

ademais, un motivo de preocupación e de inestabilidade especialmente para as pequenas e medianas empresas proveedoras e para as persoas que nelas traballan.

Á vista de todo o indicado, o Grupo Municipal Popular presenta para a súa consideración e aprobación, se procede, o seguinte

ACORDO:

O Pleno insta ao correspondente órgano do Goberno municipal a:

Primeiro.- Realizar e presentar aos Grupos e posteriormente ao pleno, procedente do remanente do supéravit (RLTGX), un plan de investimentos para a cidade por importe de 5.055.032,54 euros a executar durante os anos 2019 e 2020, autorizando para iso o gasto durante o ano actual..

Segundo.- Poñer en marcha as medidas precisas para reducir o período medio de pagamento a provedores (PMP) do Concello para cumprir canto antes co prazo de 30 días sinalado na lei.”

Xa que logo, o Pleno da Corporación por 10 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais do Partido Popular e BNG (8 PP e 2 BNG), e 14 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras presentes dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e CA (10 PSdeG-PSOE e 4 CA), acorda instar ao correspondente órgano do goberno municipal a:

Primeiro.- Realizar e presentar aos grupos e posteriormente ao pleno, procedente do remanente do supéravit (RLTGX), un plan de investimentos para a cidade por importe de 5.055.032,54 euros a executar durante os anos 2019 e 2020, autorizando para iso o gasto durante o ano actual..

Segundo.- Poñer en marcha as medidas precisas para reducir o período medio de pagamento a provedores (PMP) do Concello para cumprir canto antes co prazo de 30 días sinalado na lei.

11. CORRECCIÓN ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO 28 DE XUÑO DO CORRENTE ANO, PUNTO NÚM. 5.

Advertido erro no acordo adoptado na sesión plenaria extraordinaria do día 28 de xuño do corrente ano, punto núm. 5 (proposta da alcaldía relativa ao réxime de indemnizacións e dedicacións exclusivas dos membros da corporación, así como aos grupos políticos municipais), no seu apartado 1. C) onde dí: “Ademais existirán dúas dedicacións exclusivas e media a disposición do grupo maioritario da oposición (PP) ..., debe dicir: **“Ademais existirán dúas dedicacións exclusivas a disposición do grupo maioritario da oposición PP”**.

O Pleno da Corporación queda coñecedor da corrección do dito acordo.

12. DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA, DAS CONCELLARÍAS DELEGADAS E ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.

Dáse conta das resolucións da alcaldía e das concellarías delegadas dende o 31/07/19 ao 23/09/19 (núms. 5754 ao 6783).

Así mesmo, tamén se da conta das seguintes actas de Xunta de Goberno:

Acta núm. 53 correspondente á sesión ordinaria do día 9/09/19.
Acta núm. 54 correspondente á sesión extraordinaria urxente do día 11/09/19.
Acta núm. 55 correspondente á sesión extraordinaria urxente do día 11/09/19.
Acta núm. 56 correspondente á sesión ordinaria do día 16/09/19.
Acta núm. 57 correspondente á sesión ordinaria do día 23/09/19.

Faise un receso cando son as 19:53 horas e reanúdase a sesión ás 20:17 horas.

13. ROGOS, PREGUNTAS E INTERPELACIÓNS.

Rogos:.

Do grupo municipal do BNG de data 15 de outubro de 2019, núm. 189.
Do grupo municipal do BNG de data 15 de outubro de 2019, núm. 190.
Do grupo municipal do BNG de data 15 de outubro de 2019, núm. 191.
Do grupo municipal do PP de data 16 de outubro de 2019, núm. 204.
Do grupo municipal do PP de data 16 de outubro de 2019, núm. 205.
Do grupo municipal do PP de data 16 de outubro de 2019, núm. 206.
Do grupo municipal de CA de data 16 de outubro de 2019, núm. 211.
Do grupo municipal de CA de data 16 de outubro de 2019, núm. 212.

Preguntas resposta oral:

Do grupo municipal do BNG de data 7 de outubro de 2019, núm. 175.
Do grupo municipal do BNG de data 15 de outubro de 2019, núm. 186.
Do grupo municipal do BNG de data 15 de outubro de 2019, núm. 187.
Do grupo municipal do BNG de data 16 de outubro de 2019, núm. 196.
Do grupo municipal do PP de data 16 de outubro de 2019, núm. 201.
Do grupo municipal do PP de data 16 de outubro de 2019, núm. 202.
Do grupo municipal do PP de data 16 de outubro de 2019, núm. 203.
Do grupo municipal de CA de data 16 de outubro de 2019, núm. 208.
Do grupo municipal de CA de data 16 de outubro de 2019, núm. 209.
Do grupo municipal de CA de data 16 de outubro de 2019, núm. 210.

Preguntas resposta escrita:

Do grupo municipal de CA de data 3 de outubro de 2019, núm.169.

Do grupo municipal de CA de data 4 de outubro de 2019, núm. 170.
Do grupo municipal de CA de data 7 de outubro de 2019, núm. 171.
Do grupo municipal do BNG de data 7 de outubro de 2019, núm. 173.
Do grupo municipal do BNG de data 7 de outubro de 2019, núm. 174.
Do grupo municipal de CA de data 10 de outubro de 2019, núm. 181.
Do grupo municipal do BNG de data 15 de outubro de 2019, núm. 188.

14. TOMA EN CONSIDERACIÓN DE MOCIÓNS PRESENTADAS POLOS GRUPOS MUNICIPAIS:

Rexistro de entrada do día 7 de outubro de 2019, núm. 172 presentada polo grupo municipal do BNG, para controlar a expansión de xogos de apostas que afectan á economía local e poden causar ludopatía.

Rexistro de entrada do día 8 de outubro de 2019, núm. 177, presentada polo grupo municipal de Compostela Aberta, para instar á creación dun xulgado especializado en violencia machista en Santiago.

Rexistro de entrada do día 14 de outubro de 2019, núm. 183, presentada polo grupo municipal de Compostela Aberta, para concorrer á convocatoria as axudas para proxectos de cooperación europea dentro da Europa creativa 2019.

Rexistro de entrada do día 15 de outubro de 2019, núm. 192, presentada polo grupo municipal do BNG, para a prevención da violencia de xénero e agresións sexuais con motivo do 25 de novembro.

Rexistro de entrada do día 16 de outubro de 2019, núm. 195, presentada polo grupo municipal do BNG, para activar medidas que dinamicen o mercado de alugueiro en Santiago de Compostela.

Rexistro de entrada do día 16 de outubro de 2019, núm. 197, presentada polo grupo municipal do PP, para a elaboración dunha auditoría das instalacións deportivas municipais.

Rexistro de entrada do día 16 de outubro de 2019, núm. 198, presentada polo grupo municipal do PP, para a ampliación das axudas do “bonotaxi” a persoas dependentes de tratamentos prolongados.

Rexistro de entrada do día 16 de outubro de 2019, núm. 199, presentada polo grupo municipal do PP, sobre o coidado e rehabilitación da igrexa de Sta. Susana e o seu recinto.

Rexistro de entrada do día 16 de outubro de 2019, núm. 200, presentada polo grupo municipal do PP, para a instalación de pistas de xeo polo nadal na Praza da Quintana e no patio do antigo colexio de Peleteiro.

Rexistro de entrada do día 16 de outubro de 2019, núm. 207, presentada polos grupos políticos municipais (PSdeG-PSOE, PP, CA e BNG), para a creación do Consello municipal para as persoas maiores.

Rexistro de entrada do día 16 de outubro de 2019, núm. 213(substituída pola núm. 215), presentada polos grupos municipais de CA e BNG, para expresar a solidariedade

co pobo catalán e rexeitar a Sta. do Tribunal Supremo contra líderes políticos cataláns e o Procés.

A moción que figuraba na orde do día con rexistro de entrada do día 16 de outubro do corrente ano e número de rexistro 199, foi retirada a petición do grupo propoñente, e foi substituída por unha moción de urxencia presentada tamén polo grupo municipal do Partido Popular, con data 22 de outubro do corrente ano, número de rexistro 217, para mostrar o apoio da Corporación Municipal ao labor dos corpos e forzas de seguridade do Estado en Cataluña como garantes do estado de dereito, e que foi declarada a súa urxencia ao inicio da sesión. O texto da mesma foi transaccionado despois do acordo ao que chegaron os grupos municipais do PSdeG-PSOE e PP.

A moción con rexistro de entrada do día 8 de outubro do corrente ano, número 177, presentada polo grupo municipal de Compostela Aberta, foi convertida en declaración institucional, asinada polos portavoces dos catro grupos políticos municipais (Socialista, Popular, CA e BNG).

A moción presentada polo grupo municipal do Partido Popular o día 16 de outubro do corrente ano, e número de rexistro 198, para a ampliación das axudas do “bonotaxi”, foi retirada polo grupo propoñente.

O contido das mocións presentadas, son os que a continuación se transcriben:

MOCIÓN PARA CONTROLAR A EXPANSIÓN DE XOGOS DE APOSTAS QUE AFECTAN Á ECONOMÍA LOCAL E PODEN CAUSAR LUDOPATÍA

O grupo municipal do BNG, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción o seu debate en Pleno, para que o Concello de Santiago controle a expansión de xogos de apostas que afectan á economía e poden causar ludopatía.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En Santiago de Compostela e en Galiza a proliferación dos xogos de apostas, xunto cos seus efectos na poboación, representan un problema social.

Para facérmonos unha idea da situación do negocio do xogo actualmente, achegamos algúns datos significativos:

Un dos grupos empresariais do sector manexa unha cifra de negocio de 564,76 millóns de euros anuais e outro dos grupos empresariais tivo de beneficio bruto de explotación no segundo trimestre deste ano (2019) 70,3 millóns de euros.

Nos Orzamentos Xerais do Estado, a previsión para 2019 de ingresos aplicados no desagregado de tributos sobre o xogo en Santiago de Compostela era de 53.815.000 euros (525.000 euros en casinos, 9.019.000 euros en bingos, 41.049.000 euros en máquinas e 3.222.000 euros no resto)

Mais a carón deste negocio xorden cifras que deben de alarmarnos:

-En Galiza, hai un salón de apostas por cada 17.000 habitantes; e no Estado un por cada 12.000 habitantes.

-A idade media de inicio entre a xente que acode a pedir axuda por ludopatía é de 18,2 anos, o que significa que hai moitísimos mozos e mozas que comezaron a xogar sendo menores de idade.

-No 2010 xogaba *on line* un 1,5 das persoas adolescentes, mentres que no 2014 xa o facía o 9%

-Nos xogos de tipo presencial o gasto da poboación galega aumentou un 27%, dende os 1.100 millóns de euros de 2014, ata os máis de 1.400 de 2017.

-Existen 3600 máquinas de apostas nos locais de hostalaría: un terzo máis das 2400 autorizadas pola Xunta de Galiza no Decreto 162/2012, do 7 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de apostas da Comunidade Autónoma de Galicia.

Malia estes datos, o sector do xogo réxese no noso país por unha lei do ano 1985 e a Xunta de Galiza leva prometendo hai anos unha nova lei que debe afrontar este problema de saúde pública. O proxecto polo momento só está presentado ante a Comisión do Xogo de Galiza. Trátase dun anteproxecto que vén tarde –logo da proliferación destes establecementos- e que en todo caso debera de contar co consenso non só das organizacións políticas que están no Parlamento galego senón de quen, día a día, loitan contra este problema: as asociacións que traballan no ámbito da rehabilitación.

E alén da lexislación, é a Xunta de Galiza quen debera tamén ofrecer con recursos públicos unha atención axeitada, continuada no tempo e de verdadeira rehabilitación das persoas que padecen ludopatía, mais isto non acontece.

Porén, pese a que non hai equipos específicos do Sergas para estes tratamentos continuados e axeitados, a Xunta de Galiza aínda non quixo dar o paso de recoñecer asociacións específicas dedicadas á rehabilitación a persoas con adiccións sen substancia e ludopatías, como centros de referencia de tratamento que permitan a

detección e derivación temperá por parte dos facultativos e outras/os profesionais a estas entidades.

Recentemente xurdiu a polémica pola publicación dunha información sobre a concesión de autorización, por parte da Vicepresidencia da Xunta, para instalar unha terminal de apostas no recinto deportivo do Multiusos Fontes do Sar, tendo en conta que se trata dun instrumento que pode causar adición e ludopatía, ademais de afectar á economía. A pesar de estar autorizada nunca se chegou a instalar. Hai uns días procedeuse á extinción e cancelación desta autorización, posto que a empresa solicitante expresou non ter interese en instalar a máquina.

Por iso, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

1. Instar a Xunta de Galiza a consensuar unha nova Lei do Xogo de acordo cos grupos políticos presentes no Parlamento galego e coas entidades que traballan na rehabilitación de persoas con adiccións sen substancia e ludopatías.
2. Instar a Xunta de Galiza a considerar as asociacións específicas dedicadas á rehabilitación a persoas con adiccións sen substancia e ludopatías como centros de referencia de tratamento que permitan a detección e derivación temperá por parte dos facultativos e outras/os profesionais a estas entidades.
3. Estudar vías de colaboración entre a Policía local e a Policía nacional para que se realice un maior control e supervisión das persoas que entran nos salóns de xogos, casas de apostas ou outros tipo de instalacións habilitadas para xogos ou apostas co fin de facer cumprir a lexislación en materia de acceso a estes lugares.
4. Prohibir a publicidade sobre apostas (tanto casas de apostas, apostas *on line* e demais formas de xogo) nas instalacións municipais e demais soportes dependentes do Concello de Santiago de Compostela.
5. Iniciar desde o Concello de Santiago de Compostela unha campaña para informar das consecuencias dos xogos de apostas tendo en conta o dano que causan, especialmente, entre a mocidade e como afectan á economía e á vida das persoas e da súa contorna.
6. Organizar, en colaboración coas ANPA, charlas nos centros de ensino para a prevención de ludopatías e outras adiccións sen substancia.
7. Elevar a taxa municipal de apertura para “casinos, bingos e salas de xogo”.

8. Instar ao Goberno do Estado a reformar a Lei Xeral de Comunicación Audiovisual e a Lei Xeral de Publicidade para que se regule a publicidade das Casas de Apostas e se limite que estas empresas poidan publicitarse para facer efectiva a protección do público infantil e xuvenil e impulsar o Real Decreto de Comunicacións Comerciais das Actividades de Xogo e de Xogo Responsable co obxectivo de restrinxir a publicidade para xogos e apostas online.

9. Trasladar este acordo ao presidente da Xunta de Galiza e á Delegación do Goberno español en Galiza.

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA PARA CONCORRER Á CONVOCATORIA AS AXUDAS PARA PROXECTOS DE COOPERACIÓN EUROPEA DENTRO DO EUROPA CREATIVA 2019

O Grupo Municipal de Compostela Aberta, ao abeiro do regulamento orgánico municipal do Concello de Santiago, presenta a seguinte moción para o seu debate no Pleno.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Con data de 2 de Outubro de 2019 publicouse a convocatoria de Axudas a Proxectos de Cooperación Europea Europa Creativa, cun orzamento total de máis de 44 millóns de euros. Deste xeito, a axencia europea aprobará mais de 100 proxectos de cooperación ao abeiro desta convocatoria, que será a derradeira do actual programa quinquenal 2014-2019. Polo tanto, existe unha previsión dun incremento das posibilidades de éxito das propostas que se presenten de xeito exponencial, esgotando o orzamento dispoñíbel para o programa destes anos.

As prioridades desta convocatoria inclúen eidos de traballo nos que temos unha grande experiencia no Concello de Santiago, como son os que priorizan a conexión da área cultural coa de servizos sociais e, máis en concreto, a **atención a persoas en risco de exclusión e aos refuxiados**. Estamos a falar de proxectos que faciliten a mobilidade internacional dos nosos artistas e profesionais culturais. Tamén da promoción de políticas de fomento de públicos, tan necesarias sempre; formación profesional para manter ao noso sector na vangarda, especializalo, potencialo e internacionalizalo; xerar e mellorar o emprego e facilitar a creación de empresas ou autoemprego neste sector; e tamén traballar no diálogo e diplomacia intercultural e na integración social, para unha Cultura inclusiva, seguindo o traballo feito nestes anos na cidade.

A convocatoria tamén se refire de maneira específica a proxectos de fomento do patrimonio cultural, en liña coa celebración do Ano Europeo do Patrimonio Cultural 2018 no que Compostela foi invitada ao lanzamento da rede de traballo das Capitais

Europeas da Cultura *ECOC* en Florencia, e durante o que desenvolvemos numerosas accións como a Semana do Patrimonio Invisible, a mostra de embarcacións tradicionais no Obradoiro *Fasquias doutroa singraduras de futuro* no Obradoiro, ou publicacións divulgativas sobre o ano 1117 en Compostela ou a breve historia das nosas festividades, pois somos unha das maiores concentracións metropolitanas de patrimonio de Occidente e do Mundo.

Desde o Grupo Municipal de Compostela Aberta consideramos prioritaria a continuidade na captación destas axudas europeas, teimando na liña do anterior mandato municipal no que conseguimos captar máis de vinte millóns de euros de fondos europeos e no que fomos beneficiarios do programa Europa Creativa **Wom@rts**, proxecto de cooperación a grande escala, de integración da perspectiva de xénero nas programacións culturais, xunto a outras cidades referentes no eido como París, Vilnius e Rijeka.

Esta convocatoria é unha excelente oportunidade que non podemos perder, pois temos o status preferente de beneficiario da mesma, o valor engadido da experiencia na xestión destes grandes proxectos internacionais, e as sinerxias positivas derivadas dos nosos recoñecementos na UNESCO como Cidade Patrimonio mundial e das rutas Culturais do Consello de Europa; para lograr traballar en rede co resto das cidades europeas referentes neste eido e proxectar internacionalmente as nosas políticas culturais, especialmente as mais sociais, e así seguir a liderar no nivel galego e estatal o noso rol de capital cultural internacional, como seguen a demostrar o Barómetro de Cidades Culturais e Creativas da Comisión Europea, recentemente publicado de novo este mes, e que segue os datos acadados na anterior lexislatura no 2018, ou o Observatorio da Fundación Contemporánea, tamén cos datos de Febreiro deste ano. Aproveitemos a nosa natureza de Capital Cultural Europea para dotarnos de novos recursos pois é un dos nosos maiores valores engadidos como cidade.

Por todo isto, e tendo en conta que o estamos xa nas portas dun novo Xacobeo, o Grupo Municipal de Compostela Aberta presenta á consideración do Pleno o seguinte

ACORDO:

Que o Concello de Santiago atenda á presentación dunha solicitude para concorrer como líder na convocatoria de Axudas a Proxectos de Cooperación Cultural Europea Europa Creativa 2019 a grande escala que finaliza o 27 de novembro de 2019.

MOCIÓN PARA A PREVENCIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO E AGRESIÓNS SEXUAIS CON MOTIVO DO 25 DE NOVIEMBRE

O grupo municipal do BNG, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción o seu debate en Pleno, para a prevención da violencia de xénero con motivo do 25 de novembro.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A violencia machista exercida contra as mulleres é un problema de primeira orde, contrario aos dereitos humanos e que a escala mundial representa un auténtico xenocidio. Historicamente esta violencia foi minimizada, ocultada e invisibilizada. Porén, grazas ao feminismo e aos movementos de mulleres déronse pasos de xigante que, aínda que insuficientes, deben recordar a capacidade colectiva e transformadora no combate do patriarcado.

Nos últimos anos convocáronse mobilizacións históricas en Galiza diante dunha situación insostíbel, do mesmo xeito que a resposta aos feminicidios que impulsa o feminismo galego aumentou en número de convocatorias e en asistencia. Ademais, houbo dúas folgas históricas no 8 de marzo de 2018 e 2019 que deben marcar un antes e un despois tamén na resposta das administracións públicas.

É importante recoñecer a importancia e gravidade das violacións e agresións sexuais e a insuficiencia nos recursos de intervención e atención. Segundo datos do propio Consello Xeral do Poder Xudicial hai un 80% de feitos delituosos que non se denuncian. Malia isto, as denuncias experimentaron un incremento e tamén o fixeron, por outra parte, as agresións. As persoas expertas da cadea xudicial e de atención alertan ademais do incremento da súa brutalidade.

No informe comarcal elaborado pola Deputación da Coruña do proxecto “Compartimos Plan” destácase Santiago de Compostela cun alto índice de violencia sexual. Na enquisa realizada á poboación, observouse que as mulleres da área comarcal de Santiago presentan un dos índices máis altos de violencia sexual, xunto coas da área comarcal da Coruña (5,1 fronte á media provincial de 4,64).

Nos datos do Ministerio do Interior do primeiro semestre de 2019, que só recollen unha mínima parte do que se produce, obsérvase un incremento importante do número de delitos por violencia sexual a respecto do mesmo período do ano anterior que, nalgunha das súas tipoloxías, duplica os casos rexistrados en Santiago de Compostela.

Cóñcese tamén o importante incremento do número de denuncias sobre estes delitos e hai constancia de que entre eles hai novos perfís de agresores e vítimas, entre os que destacan a idade moi temperá en que se producen e a reincidencia nos delitos.

En todo caso, existe un incremento alarmante destes delitos e as administracións teñen que implicarse para afrontar esta situación. Hai que traballar como eixo central na prevención e combater a vitimización e o sometemento a procedementos que non axudan nin facilitan que as mulleres que denuncian teñan garantías e seguranza no proceso xudicial.

En definitiva, trataríase de sumar esforzos para dar un salto semellante ao que fixo que a violencia de xénero pasase a ser de incumbencia pública e social.

Por iso, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

1. O Concello de Santiago desenvolverá as seguintes actuacións:

- a) Unha campaña informativa para fomentar entre a veciñanza compostelá o coñecemento da existencia de ferramentas contra a violencia machista como poden ser os CIM e o teléfono 016 a disposición para o asesoramento diante de agresións sexuais.
- b) Unha campaña informativa de sensibilización que explique convenientemente os perigos dos contactos e interacción a través das redes sociais, os pasos a dar e os protocolos de actuación en caso de acoso ou pederastia, en colaboración cos centros de ensino e asociacións.
- c) A organización de xornadas de formación, quer para os ámbitos sanitarios, policiais, administrativos e xurídicos, quer para colectivos concienciados que difundan as maneiras de reclamar dereitos e de actuación ante as agresións sexuais.

2. O Concello de Santiago demandará ás instancias que correspondan:

- a) A posta en marcha dun Protocolo de actuación fronte ás agresións sexuais e a rendibilización de todos os instrumentos que existen na actualidade para combater a violencia de xénero. Neste sentido, reclámase que se incrementen recursos como a atención psicolóxica 24 horas e máis psicólog@s forenses para poder prestar este servizo de xeito acaído.
- b) O impulso dun Plan galego de educación sexual e afectividade para todos os niveis de ensino con iniciativas no ámbito da prevención da violencia sexual e sensibilización da mocidade, en colaboración coa comunidade educativa e con profesionais da sexoloxía e da saúde emocional, co obxectivo de incorporar contidos transversais no

currículo escolar para superar, entre outras cuestións, a preeminencia da pornografía como referente formativo.

c) A constitución dunha mesa de traballo para avaliar xunto cunha representación dos ámbitos xudicial, policial e forense a casuística das denuncias en Galiza por agresión sexual, de cara a analizar posíbeis fallos na cadea de atención e mellorar a súa intervención.

d) Asistencia xurídica gratuíta para vítimas de agresións sexuais.

e) Propiciaranse as modificacións legais oportunas para que os delitos de agresión sexual sexan xudicialmente recoñecidos como delitos públicos e que, polo tanto, requiran a actuación de oficio, independentemente de existir denuncia ou retirala por parte da vítima e que o proceso xudicial teña continuidade.

f) Datos concretos e comparativos sobre os delitos de carácter sexual.

g) Realización de estudos sobre as causas da violencia de xénero en colaboración coa USC, Xunta e Goberno do Estado.

MOCIÓN PARA ACTIVAR MEDIDAS QUE DINAMICEN O MERCADO DE ALUGUEIRO EN SANTIAGO DE COMPOSTELA

O grupo municipal do BNG, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción para o seu debate en Pleno, para activar medidas que dinamicen o mercado de alugueiro en Santiago de Compostela.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En Santiago de Compostela os prezos das vivendas de alugueiro subiron un 16% nos últimos anos, segundo datos publicados por un portal inmobiliario de referencia, e cada vez hai menos dispoñíbeis, mentres que a oferta de pisos turísticos se incrementa de xeito alarmante, cando moitos deles están en situación irregular. Deste xeito, a oferta de pisos para uso turístico xa é o triplo da vivenda en alugueiro para vivir todo o ano.

Esta suba dos prezos do alugueiro é un problema social que lle preocupa á veciñanza e nomeadamente a diversos colectivos e asociacións da cidade. De feito, un informe da Asociación Galega de Inmobiliarias (Agalin), que integra 20 entidades do sector, revela que existen tan só arredor de 100 pisos para alugar en Santiago de Compostela na actualidade, unha cifra ínfima cando se trata dunha cidade que conta con 20.000 estudantes universitarios e que debora atraer numerosos traballadores e traballadoras pola súa condición de capital de Galiza.

Esta situación provoca que a xente moza e de clase traballadora teña que ir á periferia da cidade ou mesmo a outros concellos limítrofes en busca de vivenda de alugueiro cuns prezos máis asequíbeis e dunhas mellores condicións de habitabilidade, como aconteceu con anterioridade coa vivenda en propiedade. Na actualidade, xunto co desemprego e a precariedade laboral, o tema da vivenda constitúe un dos maiores atrancos para a emancipación da xente moza.

Isto agrávase polo actual modelo de turismo de Compostela que acaba por baleirar a Cidade histórica e convertela nun mero escaparate para a persoa visitante, onde a vida e a identidade se perden ao expulsar as persoas residentes e os locais pasan a ser de servizos orientados para o turismo. Segundo os datos da Asociación de Vivenda Turística de Galicia (Aviturga) hai 612 vivendas rexistradas para uso turístico. Isto demostra que existen, a maiores, centos de alugueiros vacacionais que están en situación irregular pese anunciarse en internet.

Deste xeito, diversas asociacións reclaman que as administracións públicas adopten medidas para frear este proceso de xentrificación e teñan en conta políticas de mobilización de vivenda e locais baleiros, a necesidade de vivenda pública en alugueiro, xunto con dotacións e equipamento para a Cidade histórica e o control das vivendas turísticas irregulares.

No actual momento económico, unha das prioridades para atender o criterio de sustentabilidade debe ser desenvolver medidas para habitar as vivendas baleiras que hai en Santiago antes de continuar coa ocupación extensiva de territorio, cunha actividade urbanística racional. Para iso, débese dar prioridade á rehabilitación e mellora de vivendas fronte á construción nova e impulsar o remate das que están paralizadas por mor da crise económica sobre outros desenvolvementos, para o que é necesario redireccionar o sector da construción cara á rehabilitación e á construción de vivenda de protección oficial.

Neste sentido, cómpre que as administracións determinen e unifiquen os parámetros para considerar “vivenda baleira” aquela que está desocupada e que se actualicen os datos dos censos para adoptar medidas sobre elas co fin de dinamizar o mercado de alugueiro. Así, os últimos datos do Instituto Galego de Estatística (IGE) publicados sobre características de vivenda en Santiago de Compostela datan de 2001 e fan referencia á existencia de 45.193 vivendas, das que 28.782 eran destinadas a primeira vivenda, 8.391 a segunda vivenda e tamén recollen a existencia de 7.015 vivendas baleiras. Nos datos do Instituto Nacional de Estadística (INE) que datan de 2011 figuran 56.176 vivendas, das que 37.111 eran vivendas principais, 9.553 secundarias e 9.512 baleiras.

Segundo datos publicados polo Consorcio, na Cidade histórica hai 1.100 vivendas desocupadas, que representan o 14% das existentes. A turistificación e o feito de que determinadas zonas queden baleiras de residentes afecta non só á vida e á identidade de Santiago de Compostela senón mesmo a cuestións de seguranza e coidado desas áreas que quedan desertas.

O Concello dispón de instrumentos como a Ordenanza reguladora do Rexistro municipal de soares, que determina o procedemento para a rehabilitación forzosa de edificios cando os propietarios incumpren o seu deber de edificar ou de rehabilitar. Esta ordenanza naceu coa pretensión de frear fenómenos especulativos e de conseguir a revitalización de zonas urbanas que presenten síntomas de degradación, a preservación da imaxe urbana e a garantía das condicións adecuadas de salubridade e ornato público.

Ademais, para que as administracións públicas poidan intervir no mercado da vivenda en alugueiro para controlar os prezos, como xa acontece noutros estados europeos, faise necesaria a modificación da Lei de Arrendamentos Urbanos.

Por iso, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

1. O Concello de Santiago de Compostela, a través do Consorcio da Cidade, abrirá novas liñas de axudas para a rehabilitación de vivendas con destino a uso residencial de primeira ocupación ou ao alugueiro por todo o ano, cunha cláusula que evite o uso para destino turístico.
2. O Concello de Santiago de Compostela retomará as accións previstas na Ordenanza do Rexistro municipal de solares para frear o abandono de vivendas.
3. O Concello de Santiago de Compostela impulsará, en colaboración coa Xunta, o proxecto de vivenda pública de alugueiro para mocidade na parcela de Xoán XXIII.
4. O Concello de Santiago de Compostela instará á Xunta a establecer unha regulamentación para fixar as condicións que teñen que cumprir as vivendas para se consideraren baleiras.
5. O Concello de Santiago de Compostela actualizará, en colaboración coa Xunta, o censo municipal de vivendas en función dos seus usos.

6. O Concello de Santiago de Compostela demandará do Goberno do Estado a revisión da Lei de Arrendamentos Urbanos, para que as administracións públicas poidan intervir no mercado da vivenda en alugueiro para controlar os prezos.

MOCIÓN PARA A ELABORACIÓN DUNHA AUDITORÍA DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS

O **Grupo Municipal do Partido Popular**, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte **MOCIÓN**:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Son frecuentes as queixas das persoas usuarias polo estado e as condicións das instalacións deportivas municipais que xestiona de forma directa o Concello de Santiago.

Entre as 24 instalacións deportivas (8 campos de fútbol, 1 complexo deportivo en San Lázaro, 13 pavillóns polideportivos e dúas pistas, unha para chave e outra para pádel e tenis) non todas suscitan críticas na actualidade, posto que algunhas delas foron obxecto de reparacións, máis ou menos intensas, nos últimos tempos, como as levadas a cabo no pavillón CEIP Apóstolo Santiago, o campo de fútbol de Lamas de Abade ou o estadio de San Lázaro, por citar algunha das máis recentes. Pero noutras moitas, como os pavillóns de Vite, Lamas de Abade, Fontiñas ou os campos de fútbol do SERGAS ou das Cancelas, son evidentes as necesidades de sanear ou repoñer elementos que presentan un apreciable deterioro.

Coñecer con detalle a situación deste amplo número de instalacións deportivas, que na súa maior parte se aproximan xa -ou mesmo superan- os 30 anos de antigüidade, debe ser unha tarefa prioritaria para o Goberno local, non só para tratar de darlle resposta ás demandas puntuais das persoas usuarias, senón para dispoñer dun diagnóstico en profundidade do estado de conservación e do grao de cumprimento das esixencias normativas que lle afectan a estes equipamentos, aos que acoden diariamente centos de persoas, en especial as referidas a seguridade (delimitación de aforos, evacuación, alarmas, medios de loita contra incendios...) e tamén de accesibilidade, para evitar as barreiras que impiden tanto o acceso desde o exterior como no interior dos recintos.

Unha inspección polo miúdo que fixara nun documento a situación real das instalacións constituiría un primeiro paso necesario para abordar un Plan director no que se definiran, programaran e cuantificaran as actuacións necesarias, para ir de forma gradual remodelando e actualizando estas instalacións, unha tarefa que non admite máis demora.

Por outra parte, á vista da demanda recorrente das instalacións municipais tamén sería preciso realizar un estudo da demanda dos distintos tipos de instalacións co obxecto de resolver os déficits que en determinados casos se están a producir á hora de atender as peticións das persoas usuarias, tanto a través da optimización dos equipamentos actualmente existentes, ben sexa de titularidade municipal ou autonómica, ou coa construción de novas instalacións que lle dean resposta a esa demanda insatisfeita.

Tendo en conta o anterior, o Grupo Municipal Popular presenta á consideración do Pleno o seguinte

ACORDO

O Pleno insta ao correspondente órgano do Goberno local a que coa maior dilixencia posible:

- 1.- Elabore unha auditoría sobre o estado das instalacións deportivas municipais e o grao de cumprimento das normativas que lle son de aplicación, como un primeiro paso para elaborar un Plan Director no que se reflexen as actuacións, orzamentos e prioridades para a súa execución a curto e medio prazo.
- 2.- Realizar un estudo da demanda dos distintos tipos de instalacións existentes, co obxecto de resolver os déficits actuais, tanto a través da optimización dos equipamentos actualmente existentes -de titularidade municipal ou autonómica- ou coa creación de novas instalacións que lle dean resposta a esa demanda insatisfeita.

MOCIÓN PARA A INSTALACIÓN DE PISTAS DE XEO POLO NADAL NA PRAZA DA QUINTANA E NO PATIO DO ANTIGO COLEXIO DE PELETEIRO

O **Grupo Municipal do Partido Popular**, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte **MOCIÓN**:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No ano 2011 o goberno municipal autorizou a instalación dunha pista de patinaxe sobre xeo na propia cidade, concretamente na Praza da Quintana, decisión que foi aplaudida por moitísimos veciños e familias. Tras a primeira experiencia na Quintana, a pista mantívose no centro da cidade, pero xa na Alameda, ao considerarse un punto neutral en orde á dinamización de dúas grandes áreas comerciais da cidade como son a Zona Vella e o Ensanche; ubicación na Alameda que xa non se producirá este ano 2019, segundo declaración do propio alcalde.

Sendo innegable a natureza da pista de xeo como iniciativa pensada para a dinamización e apoio ao pequeno comercio -fronte ás grandes superficies comerciais-, tal iniciativa tamén ofrece un valor por si mesma como oferta de ocio para os propios cidadáns de Santiago -oferta irrepetible ao longo dos meses-; tal iniciativa ofrece un valor por si mesma como grata e lúdica experiencia que teñen as familias compostelás de vivir o Nadal e de vivir a propia cidade, recoñecéndose máis facilmente a si mesmos nunha tempada turística de menores fluxos.

Sendo conscientes da necesaria protección da paisaxe urbana e dos espazos merecentes de protección patrimonial, especialmente no ámbito da cidade histórica -e da necesidade neste último caso de ter en consideración os criterios para a autorización de ocupacións de espazos públicos nese ámbito, aprobados en novembro de 2017-, tamén é certo que os criterios para preservar os espazos merecentes de protección son compatibles con criterios de excepcionalidade en función doutros intereses sociais concorrentes, e que a excepcionalidade que se vén considerando en non poucas ocasións non debe dar lugar agravios comparativos, como si ten sucedido nos últimos anos no ámbito da cidade histórica ao terse denegado ou autorizado ocupacións ou instalacións en función de criterios non obxectibables.

E por todo iso polo que o Grupo Municipal Popular propón a adopción do seguinte

ACORDO

- 1.- Que o correspondente órgano do Goberno, con carácter excepcional e durante un período menor do habitual, promova a instalación dunha pista de patinaxe sobre xeo na Praza da Quintana, asegurando nas correspondentes prescricións técnicas o menor impacto visual da mesma -contemplando incluso a posibilidade de que a pista sexa descuberta- e completando a dita instalación cunha iniciativa didáctica, dirixida a escolares e a familias, que sirva para dar a coñecer o valor da historia e do urbanismo da cidade histórica e que podería responder ao lema de “Coñece Santiago, non patines na historia da túa cidade”.
- 2.- Que estude a posibilidade de promover a instalación dunha segunda pista de patinaxe no amplo patio do antigo Colexio Peleteiro, acompañando no seu caso a dita instalación doutra iniciativa expositiva ou didáctica sobre a evolución urbanística da cidade e a súa expansión fóra dos límites da muralla medieval.
- 3.- Que para ambos supostos anteriores se estuden as posibilidades orzamentarias de que as instalacións non respondan a unha autorización vinculada a unha explotación comercial senón que poidan ser contratadas directamente polo concello.

MOCIÓN CONXUNTA DOS GRUPOS MUNICIPAIS PSdeG-PSOE, PP, CA e BNG PARA A CREACIÓN DO CONSELLO MUNICIPAL PARA AS PERSOAS MAIORES

O Concello de Santiago de Compostela ten asumido un sólido compromiso coa implementación de políticas sociais que melloren a calidade de vida de toda a veciñanza, un compromiso que aposta pola participación activa en tódalas esferas do ámbito municipal e que defende un modelo de cidade no que todas as diversidades forman parte da mesma. En definitiva, as persoas que conformamos esta corporación municipal tratamos de facer de Santiago de Compostela unha verdadeira cidade inclusiva, na que todas as veciñas e veciños participen plenamente na vida social, como titulares de dereitos e non só como meros receptores de servizos ou prestacións.

As persoas maiores deben ser parte activa na nosa cidade. Isto é algo incuestionable. Un municipio, onde residen ao redor de 26.000 persoas maiores de 60 anos, non pode obviar a súa realidade social, as súas necesidades, as súas valoracións e perspectivas e, tampouco, as súas potencialidades. Isto foi o que sustentou no seu día que o noso concello se comprometera e se adherira á rede de “*ciudades amigables coas persoas maiores*”, pretendendo con isto:

- Recoñecer e incorporar a diversidade social.
- Protexer ás persoas mais vulnerables da comunidade.
- Promover a súa inclusión e fomentar a súa participación en todos os ámbitos da vida comunitaria.
- Anticipar e responder con flexibilidade ás necesidades e preferencias relacionadas co envellecemento poboacional que caracteriza á nosa Comunidade Autónoma e do que Santiago de Compostela non é unha excepción.

A participación na toma de decisións e nos distintos ámbitos sociais son procesos básicos se temos en conta o valor da súa experiencia vital. Cómpre transmitir á sociedade que o transcorrer do tempo e o incremento da esperanza de vida, lonxe de ser entendido como unha ameaza para o sistema de benestar, é un logro social, que potencia que as persoas maiores poidan manterse socialmente activas e valora a súa experiencia como elemento clave para o desenvolvemento da nosa comunidade.

A lexislación galega en materia de Servizos Sociais establece como unha das áreas de actuación deste servizo a relacionada coas persoas maiores, á vez que habilita aos concellos para constituír Consellos locais de Servizos Sociais como órganos de asesoramento e participación da veciñanza. Para esta corporación é de interese (e atende á proposta realizada pola Plataforma Pensionistas Compostela) a creación do Consello Municipal de Persoas Maiores, como órgano de participación sectorial, con funcións de información e, no seu caso, de proposta de accións; un Consello que ten como

finalidade a de traballar todos xuntos para acadar un maior nivel de benestar, así como de autonomía e integración social das persoas maiores do noso municipio. Un Consello que serva:

- De canle de participación e diálogo entre a sociedade civil de máis de 60 anos e organismos públicos en asuntos de interese comúns para as persoas maiores.
- De elemento de coordinación entre as institucións e entidades que actúan con este colectivo veciñal.
- De promoción, realización de estudos e análise da situación das persoas maiores no noso municipio ou calquera outra acción que se derive da propia dinámica social, e
- De instrumento ou fonte de iniciativas, propostas e suxestións para presentar a tódolos organismos públicos, pretendendo potenciar recursos e servizos, cunha única finalidade: mellorar a súa calidade de vida e o benestar das persoas maiores, e servir de canle efectiva de participación e coordinación, asumindo e promovendo o envellecemento activo.

O Concello de Santiago de Compostela mantén o seu compromiso de traballar para e coas persoas maiores. Traballar para garantirlles, coma veciñas e veciños de plenos dereitos, igualdade de oportunidades e unha vida digna. Traballar tentando fomentar a súa permanencia no seu contorno familiar e comunitario, como membros activos do mesmo. Propiciar formas de organización e facilitar a súa participación en tódolos ámbitos municipais, sendo un dos mais destacables o vinculado aos Servizos Sociais, aínda que non debe ser o único, dado que o seu asesoramento é relevante para calquera das Áreas relacionadas co desenvolvemento da vida diaria da cidadanía. Así, as súas aportacións quedaron recollidas en decembro de 2017 no “*Estudo sobre a situación das persoas maiores de Compostela e liñas estratéxicas de acción municipal*”, impulsado e financiado pola entón Concellería de Políticas Sociais, Diversidades, Saúde e Centros Cívicos; documento que compre ter presente.

En definitiva, agradecer e recoñecer a súa contribución a esta comunidade e pregarlles que continúen sendo membros activos da mesma.

Por todo isto, o Concello de Santiago de Compostela propón:

1. A creación do Consello municipal de Persoas Maiores, como órgano de participación sectorial, con carácter consultivo e asesor nas materias relacionadas co seu ámbito.
2. E unha vez constituído este, elaborar e aprobar o seu regulamento que facilite a participación de entidades e grupos sociais que traballen a prol do benestar das persoas maiores coa finalidade de contribuír a unha comunidade forte, cohesiónada e plural, da que tódalas veciñas e veciños forman parte como membros activos que dela son.

MOCIÓN DOS GRUPO MUNICIPAIS DE COMPOSTELA ABERTA E BLOQUE NACIONALISTA GALEGO PARA EXPRESAR A SOLIDARIEDADE CO POBO CATALÁN E REXEITAR A SENTENZA DO TRIBUNAL SUPREMO CONTRA LÍDERES POLÍTICOS CATALÁNS E O *PROCÉS*

Os Grupos Municipais de Compostela Aberta e do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do regulamento orgánico municipal do Concello de Santiago, presentan a seguinte moción para o seu debate no Pleno.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A sentenza do Tribunal Supremo que condena a líderes políticos e sociais cataláns a anos de prisión polo delito de sedición xera un precedente moi grave no Estado español. Todo o sucedido en Cataluña nos últimos anos está a pór en cuestión o xa fraco sistema de dereitos e liberdades. A vinculación do dereito de manifestación e de libre expresión, así como o uso da desobediencia civil, co delito de sedición marcará, negativamente, un antes e un despois na calidade da nosa vida democrática. Unha decisión xudicial que condena a máis de cen anos de prisión a líderes políticos e sociais por defenderen de xeito pacífico o dereito a organizar un referendo democrático e por animar a participar en protestas cívicas e pacíficas. O que está a acontecer en Cataluña aféctanos a todas e a todos.

O pobo catalán ven reivindicando historicamente, sempre de xeito cívico e pacífico, o seu lexítimo dereito a decidir libre e democraticamente o seu futuro. O referendo realizado o 1 de outubro de 2017 foi unha mostra máis deste civismo, onde as escenas de violencia foron provocadas polos corpos policiais españois, tal e como a propia sentenza reconece ao desbotar o delito de Rebelión. Semella que isto último, máis ben, foi unha coartada para levar o xuízo a Madrid, ao Tribunal Supremo, e convertelo nun xuízo político. Agora, esta sentenza sitúase dentro dunha concepción inasumíbel democraticamente e atentatoria contra os dereitos básicos e a súa propia existencia. Durante dous anos, dous líderes da sociedade civil catalá e varios membros do goberno, electos democraticamente, foron reclusos e privados de liberdade nunha prisión preventiva que claramente foi un abuso. Unha mostra de que o Estado español non respectou as garantías procesuais propias dun estado de dereito e que máis que buscar facer xustiza buscou un castigo exemplificador que serva de escarmento aos millóns de persoas que nos últimos anos defenderon pacificamente o exercicio do dereito de autodeterminación, nestes caso, mais que tamén se fará extensivo á defensa de calquera dereito ou de calquera causa política ou social. Un xeito de actuar concordante con todo o proceso represivo posterior ao referendo, as cargas policiais nesa xornada, a aplicación do artigo 155 da Constitución española e a posterior suspensión da autonomía catalá ou o uso das estruturas e *cloacas* do Estado contra o independentismo catalán.

Aínda despois de coñecida a sentenza, os mesmos líderes cataláns teñen manifestado, por escrito, o seu compromiso co diálogo e a súa aposta polas vías democráticas para solucionar o conflito. Fronte a esta disposición ao entendemento, encontrámonos coa manifesta incapacidade dos diferentes gobernos españois, ben sexan do PP ou do PSOE, para acordar solucións políticas a un conflito que ten unha orixe tamén política, e que só terá solucións desde a política. As democracias consolidadas esgotan as vías políticas e de diálogo antes de xudicializar, criminalizar, e recortar dereitos e liberdades, tal e como está a levar adiante o Estado español. A xudicialización das vías políticas debe ser condenada e rexeitada, e fronte a isto compre procurar vías de diálogo que busquen solucións eficaces e democráticas para resolver o conflito existente. Unha situación que vén derivada da posición antidemocrática, privada da máis mínima lexitimidade, da forma con que se actuou contra o novo Estatut de Cataluña que despois de ser aprobado polo Palament e as Cortes do Estado no 2006, e aínda baleirado do parte do seu contido orixinal, e validado polo pobo catalán en referendo, foi recortado polo Tribunal Constitucional español no 2010 despois de ser recorrido polo Partido Popular e por varios dos gobernos autonómicos que ostentaba. Esta forma de proceder veu demostrar unha intención manifesta de manter o *statu quo* actual a calquera prezo, negando a existencia de vontade política propia en cada un dos pobos que integran o Estado español, neste caso o pobo catalán.

Diante desta situación inxusta e humillante, en Cataluña existe un amplo consenso - desde diferentes opcións políticas- sobre que a resolución do conflito só pode pasar polo exercicio do dereito a decidir, un dereito internacionalmente recoñecido e que non debe entenderse contra ninguén, senón como un elemento positivo e democratizador. Un dereito diante do que calquera Estado democrático non deba de criminalizalo e procurar limitalo senón velar polo seu exercicio co máximo das garantías democráticas e de transparencia. Tal e como ten acontecido en países da nosa contorna como é o caso do Reino Unido e Escocia. Isto sería unha aposta auténtica por resolver o conflito contrariamente ás ameazas directas e indirectas de aplicar o artigo 155 da Constitución e a *Lei de seguridade nacional* que, como se demostrou no pasado, non é unha solución política senón un agravante máis no conflito existente.

Así pois, tendo en conta todo o anterior, os grupos municipais de Compostela Aberta e do Bloque Nacionalista Galego presentan á consideración do Pleno o seguinte **ACORDO:**

1. O Concello de Santiago expresa a súa solidariedade co pobo catalán e coas persoas xulgadas e condenadas neste proceso, e coas súas familias, e rexeita a desproporcionada sentenza do Tribunal Supremo contra o dereito democrático de decidir libremente o seu futuro.

2. Instar ao goberno español a traballar pola vía do diálogo político e unha solución democrática e o recoñecemento pleno das nacións que actualmente fan parte do Estado español

3. Urxir aos grupos con representación nas Cortes do Estado a traballar para a aprobación dunha lei de amnistía para as persoas condenadas porque, para encontrar solucións políticas, é imprescindible que non existan presas/os políticas/os ou persoas que tiveran que ter abandonado Cataluña por ter defendido democraticamente as súas ideas políticas.

4. Dar traslado do seguinte acordo ao Parlament de Catalunya, á Federació de Municipis de Catalunya, á Associació Catalana de Municipis i Comarques, aos grupos con representación no Parlamento de Galicia e nas Cortes Xerais do Estado, así como ao Goberno do Estado.

MOCIÓN DE URXENCIA PARA MOSTRAR O APOIO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL AO LABOR DOS CORPOS E FORZAS DE SEGURIDADE DO ESTADO EN CATALUÑA COMO GARANTES DO ESTADO DE DEREITO

A Corporación Municipal de Santiago de Compostela acorda declarar a súa máis firme condena dos actos violentos protagonizados nos últimos días por elementos radicais en Cataluña, manifestar a súa solidariedade e alento cos cidadáns que están sufrindo esta situación, e mostrar o seu apoio incondicional ás Forzas e Corpos de Seguridade do Estado -entre eles a Policía Autonómica catalá-, e en especial a todos aqueles dos seus membros que resultaron feridos no desempeño das súas funcións, entre eles algún policía galego, pola súa profesionalidade na defensa e protección dos dereitos e liberdades de todos.”

Os textos das emendas presentadas, figuran no expediente da sesión.

Rematado o debate procédese a votación das mocións tratadas na sesión.

En primeiro lugar, procédese a votación da declaración institucional.

O Pleno da Corporación, por unanimidade dos/as concelleiros e concelleiras presentes aproba a seguinte declaración institucional, que ven asinada polos portavoces dos catro grupos políticos municipais:

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL PARA A CREACIÓN DUN XULGADO ESPECÍFICO SOBRE VIOLENCIA DE XÉNERO EN SANTIAGO DE COMPOSTELA

O Concello de Santiago de Compostela, de conformidade co acordo subscrito entre os representantes das forzas políticas representadas na Corporación Municipal acordan a creación dun xulgado específico sobre violencia de xénero en Santiago de Compostela.

No primeiro semestre de 2019, en Galicia rexistráronse 1.763 denuncias por violencia machista, un 38,44% máis que no mesmo período do ano pasado. Confirmase así a tendencia á alza que se vén producindo nos últimos anos. Segundo datos do *Consejo General del Poder Judicial*, en 2018 tramitáronse 6.537 denuncias por violencia machista en Galicia; en 2017 foron 6.436; e en 2016, 5.683.

En 2018, en Santiago de Compostela asináronse 159 sentenzas por violencia machista. O encargado de tramitar neste concello as denuncias por violencia de xénero é o Xulgado de Instrución número 3 que, segundo a última memoria publicada polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, en 2017 iniciou 2.956 casos de diversa natureza, resolveu 3.453 e deixou pendentes 501, datos que evidencian a enorme carga de traballo que acumula a sala, como en numerosas ocasións ten denunciado o titular dese xulgado, Andrés Lago Louro.

A Lei integral contra a Violencia de Xénero aprobada en 2004 tiña o propósito de garantir a especialización no tratamento das denuncias por violencia machista. Tamén o Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero sinala, na súa medida 122, a necesidade de “reforzar a especialización no ámbito procesal intermedio, xulgados do penal, que é o que atende un maior número de casos” de violencia machista. O propio Pacto conmina a especializar “un ou varios en cada provincia para facilitar o coñecemento dos asuntos” de violencia machista. Estas declaracións de intencións, aínda non executadas na súa totalidade, teñen que ver coa evidencia de que a especialización dos xulgados, a formación de xuíces e suízas e a aplicación da perspectiva de xénero no tratamento destes casos téñense demostrado como unha das ferramentas máis relevantes na loita contra a violencia machista.

Tanto a evolución do número de denuncias por violencia machista como a acumulación de causas no xulgado de Instrución número 3 e as recomendacións para o tratamento especializado destes casos, con procedementos de instrución moi complexos, xustifican:

A creación dun xulgado específico sobre violencia de xénero en Santiago ou, de non concorreren as condicións obxectivas para crealo, ampliar o seu ámbito territorial de actuación que abranza outros partidos xudiciais da nosa contorna máis próxima.

En relación á moción con rexistro de entrada do día 15 de outubro de 2019, núm. 192, presentada polo grupo municipal do BNG, para a prevención da violencia de xénero, a que presentou emenda o Partido Popular de texto alternativo de acordo, e despois de ser aceptado o punto 1 da emenda, procédese á votación separada por puntos:

1.- O Pleno da Corporación, por unanimidade dos/as concelleiros e concelleiras presentes, acorda que o concello desenvolva as seguintes actuacións:

a) Unha campaña informativa para fomentar entre a veciñanza compostelá o coñecemento da existencia de ferramentas contra a violencia machista como poden ser os CIM e os teléfonos 016 e 900400273 a disposición para o asesoramento diante de agresións sexuais.

b) Unha campaña informativa de sensibilización que explique convenientemente os perigos dos contactos e interacción a través das redes sociais, os pasos a dar e os protocolos de actuación en caso de acoso ou pederastia, en colaboración cos centros de ensino ou asociacións.

c) A organización de xornadas de formación, que para os ámbitos sanitarios, policiais, administrativos e xurídicos, quer para colectivos conclenciados que difundan as maneiras de reclamar dereitos e de actuación ante as agresións sexuais.

2.- O Pleno da Corporación, por 16 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras presentes dos grupos municipais do PSdeG-PSOE, de CA e do BNG (10 PSdeG-PSOE, 4 CA e 2 BNG e 8 votos en contra correspondentes aos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do Partido Popular, acorda:

Que o concello demande ás instancias que correspondan:

a) A posta en marcha dun Protocolo de actuación fronte ás agresións sexuais e a rendibilización de todos os instrumentos que existen na actualidade para combater a violencia de xénero. Neste sentido, reclámase que se incrementen recursos como a atención psicolóxica 24 horas e máis psicólogos forenses para poder prestar este servizo de xeito acaído.

b) O impulso dun Plan galego de educación sexual e afectividade para todos os niveis de ensino con iniciativas no ámbito da prevención da violencia sexual e sensibilización da mocidade, en colaboración coa comunidade educativa e con profesionais da sexoloxía e da saúde emocional, co obxectivo de incorporar contidos transversais no currículo escolar para superar, entre outras cuestións, a preeminencia da pornografía como referente formativo.

c) A constitución dunha mesa de traballo para avaliar xunto cunha representación dos ámbitos xudicial, policial e forense a casuística das denuncias en Galiza por agresión sexual, de cara a analizar posíbeis fallos na cadea de atención e mellorar a súa intervención.

d) Asistencia xurídica gratuíta para vítimas de agresións sexuais.

e) Propiciaranse as modificacións legais oportunas para que os delitos de agresión sexual sexan xudicialmente recoñecidos como delitos públicos e que, polo tanto, requiran a actuación de oficio, independentemente de existir denuncia ou retirala por parte da vítima e que o proceso xudicial teña continuidade.

f) Datos concretos e comparativos sobre os delitos de carácter sexual.

g) Realización de estudos sobre as causas da violencia de xénero en colaboración coa USC, Xunta e Goberno do Estado.

No tocante á moción presentada polo grupo municipal de Compostela Aberta, con rexistro de entrada do día 14 de outubro de 2019, núm. 183, para concorrer á convocatoria as axudas para proxectos de cooperación, o Pleno da Corporación por 14 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras presentes dos grupos municipais de CA, do Partido Popular e do BNG (8 PP, 4 CA e 2 BNG) e 10 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do PSdeG-PSOE, acorda que o concello atenda á presentación dunha solicitude para concorrer como líder na convocatoria de Axudas a Proxectos de Cooperación Cultural Europea, Europa Creativa 2019 a grande escala que finaliza o 27 de novembro de 2019.

Con respecto á moción con rexistro de entrada do día 7 de outubro de 2019, núm. 172, presentada polo grupo municipal do BNG, para controlar a expansión de xogos de apostas, a que presentaron emendas o grupo municipal popular e que non foi aceptada, e o grupo municipal Socialista de modificación, do punto número 4 e despois de ser aceptada, o Pleno da Corporación, por 16 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras presentes dos grupos municipais do PSdeG-PSOE, de CA e do BNG (10 PSdeG-PSOE, 4 CA e 2 BNG) e 8 abstencións, correspondentes aos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do Partido Popular, acorda:

1. Instar a Xunta de Galiza a consensuar unha nova Lei do Xogo de acordo cos grupos políticos presentes no Parlamento galego e coas entidades que traballan na rehabilitación de persoas con adiccións sen substancia e ludopatías.

2. Instar a Xunta de Galiza a considerar as asociacións específicas dedicadas á rehabilitación a persoas con adiccións sen substancia e ludopatías como centros de referencia de tratamento que permitan a detección e derivación temperá por parte dos facultativos e outras/os profesionais a estas entidades.

3. Estudar vías de colaboración entre a Policía local e a Policía nacional para que se realice un maior control e supervisión das persoas que entran nos salóns de xogos, casas de apostas ou outros tipo de instalacións habilitadas para xogos ou apostas co fin de facer cumprir a lexislación en materia de acceso a estes lugares.
4. Estudar xuridicamente a prohibición da publicidade sobre apostas (tanto casas de apostas, apostas en liña e demais formas de xogo) nas instalacións municipais e demais soportes dependentes do Concello de Santiago de Compostela.
5. Iniciar desde o Concello de Santiago de Compostela unha campaña para informar das consecuencias dos xogos de apostas tendo en conta o dano que causan, especialmente, entre a mocidade e como afectan á economía e á vida das persoas e da súa contorna.
6. Organizar, en colaboración coas ANPA, charlas nos centros de ensino para a prevención de ludopatías e outras adiccións sen substancia.
7. Elevar a taxa municipal de apertura para “casinos, bingos e salas de xogo”.
8. Instar ao Goberno do Estado a reformar a Lei Xeral de Comunicación Audiovisual e a Lei Xeral de Publicidade para que se regule a publicidade das Casas de Apostas e se limite que estas empresas poidan publicitarse para facer efectiva a protección do público infantil e xuvenil e impulsar o Real Decreto de Comunicacions Comerciais das Actividades de Xogo e de Xogo Responsable co obxectivo de restrinxir a publicidade para xogos e apostas online.
9. Trasladar este acordo ao presidente da Xunta de Galiza e á Delegación do Goberno español en Galiza.

Con respecto á moción con rexistro de entrada do día 16 de outubro de 2019, núm. 195, presentada polo grupo municipal do BNG, para activar medidas que dinamicen o mercado de alugueiro e despois de ser aceptada a emenda presentada polo grupo municipal Popular ao contido do acordo, o Pleno da Corporación por unanimidade dos/as concelleiros e concelleiras presentes, acorda:

1. O Concello de Santiago de Compostela, a través do Consorcio da Cidade, abrirá novas liñas de axudas para a rehabilitación de vivendas con destino a uso residencial de primeira ocupación ou ao alugueiro por todo o ano, compatibles co Plan de Vivenda Baleira da Xunta de Galicia e cunha cláusula que evite o uso para destino turístico.
2. O Concello de Santiago de Compostela retomará as accións previstas na Ordenanza do rexistro municipal de solares para frear o abandono de vivendas.

3. O Concello de Santiago de Compostela retomará as conversas coa Xunta de Galicia para acadar un desenvolvemento útil da parcela autonómica na Avda. de Xoán XXIII.

4. O Concello de Santiago de Compostela instará ao goberno do Estado, e subsidiariamente á Xunta de Galicia, a establecer unha regulamentación para fixar as condicións que teñen que cumprir as vivendas para se consideraren baleiras, co obxecto de incentivar a súa mobilización mediante fórmulas que animen o alugueiro ou a venda.

5. O Concello de Santiago de Compostela actualizará, en colaboración coa Xunta, o censo municipal de vivendas en función dos seus usos.

Auséntase da sesión a concelleira, Dona Mercedes Rosón Ferreiro.

Con respecto á moción presentada polo grupo municipal Popular, con rexistro de entrada do día 16 de outubro de 2019, núm. 197, para a elaboración dunha auditoría das instalacións deportivas, o Pleno da Corporación por unanimidade dos/as concelleiros e concelleiras presentes acorda, instar ao correspondente órgano do goberno local a que coa maior dilixencia posible:

1.- Elabore unha auditoría sobre o estado das instalacións deportivas municipais e o grao de cumprimento das normativas que lle son de aplicación, como un primeiro paso para elaborar un Plan Director no que se reflexen as actuacións, orzamentos e prioridades para a súa execución a curto e medio prazo.

2.- Realice un estudo da demanda dos distintos tipos de instalacións existentes, co obxecto de resolver os déficits actuais, tanto a través da optimización dos equipamentos actualmente existentes -de titularidade municipal ou autonómica- ou coa creación de novas instalacións que lle dean resposta a esa demanda insatisfeita.

Incorpórase a sesión a concelleira, Dona Mercedes Rosón Ferreiro.

No tocante á moción con rexistro de entrada do día 16 de outubro de 2019, núm. 200, presentada polo grupo municipal do Partido Popular para a instalación de pistas de xeo, o Pleno da Corporación por 8 votos a favor da mesma correspondentes aos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do Partido Popular e 16 votos en contra dos/as concelleiros e concelleiras dos grupos municipais do PSdeG-PSOE, de CA e do BNG (10 PSdeG-PSOE, 4 CA e 2 BNG), polo que queda rexeitada a devandita moción.

A moción presentada polos catro grupos políticos municipais (PSdeG-PSOE, PP, CA e BNG), para a creación do Consello municipal de persoas maiores, o Pleno da Corporación por unanimidade dos/as concelleiros e concelleiras presentes, acorda:

1. A creación do Consello Municipal de Persoas Maiores, como órgano de participación sectorial, con carácter consultivo e asesor nas materias relacionadas co seu ámbito.

2. E unha vez constituído este, elaborar e aprobar o seu regulamento que facilite a participación de entidades e grupos sociais que traballen a prol do benestar das persoas maiores coa finalidade de contribuír a unha comunidade forte, cohesionada e plural, da que todas/os veciñas e veciños forman parte como membros activos que dela son.

Con respecto á moción conxunta presentada polos grupos municipais de CA e BNG, con data 16 de outubro de 2019, para expresar a solidariedade co pobo catalán e rexeitar a Stza. do Tribunal Supremo contra líderes políticos cataláns e o Procés, o Pleno da Corporación, por 6 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras presentes dos grupos municipais de CA e do BNG (4 CA e 2 BNG), e 18 votos en contra, correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais PSdeG-PSOE e PP (10 PSdeG-PSOE e 8 PP), rexeita a devandita moción.

Con respecto á moción de urxencia presentada polo grupo municipal Popular, de apoio da corporación ás forzas e corpos de seguridade do Estado en Cataluña, e despois de chegar a un texto transaccionado entre os grupos Popular e Socialista, o Pleno da Corporación, por 18 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais PSdeG-PSOE e PP (10 PSdeG-PSOE e 8 PP), e 6 votos en contra correspondentes aos concelleiros e concelleiras presentes dos grupos municipais de CA e do BNG (4 CA e 2 BNG), acorda declarar a súa máis firme condena dos actos violentos protagonizados nos últimos días por elementos radicais en Cataluña, manifestar a súa solidariedade e alento cos cidadáns que están sufrindo esta situación, e mostrar o seu apoio incondicional ás Forzas e Corpos de Seguridade do Estado -entre eles a Policía Autonómica catalá-, e en especial a todos aqueles dos seus membros que resultaron feridos no desempeño das súas funcións, entre eles algún policía galego, pola súa profesionalidade na defensa e protección dos dereitos e liberdades de todos.

O señor alcalde pecha a sesión cando son ás 23:53 horas, do que como secretario, dou fe.

O alcalde-presidente,

O secretario xeral do pleno,

Xosé A. Sánchez Bugallo

José Ramón Alonso Fernández